



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grao

Grao en Lingua e literatura galegas

**Juan Antonio Saco Arce no Rexurdimento
galego**

Título en castelán

**Juan Antonio Saco Arce en el
Rexurdimento gallego**

Título en inglés

**Juan Antonio Saco Arce and the
Galician Renaissance (Rexurdimento)**

Curso académico 2018 / 2019

Autora

Belén Villanueva Patao

Titor

Ramón Mariño Paz

Traballo de Fin de Grao
Grao en Lingua e literatura galegas

Juan Antonio Saco Arce no Rexurdimento galego


Curso académico 2018 / 2019

Autora



Belén Villanueva Patao

Titor



Ramón Mariño Paz

Índice

Resumo	4
Introdución	5
1. O Rexurdimento	5
1.1. Contexto histórico	5
1.1.1. Fitos principais	11
1.2. Causas	17
1.3. Obxectivos	19
2. A figura de Saco	20
2.1. Biografía	20
2.2. Gramático	21
2.3. Estudoso da poesía popular	34
2.4. Articulista sobre temas literarios e lingüísticos	38
2.5. Poeta	41
2.6. Estudoso do refraneiro	43
3. A contribución de Saco Arce ao Rexurdimento	45
4. Anexos	47
5. Bibliografía consultada	63



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE

Formulario de delimitación de título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2017/2018

APELIDOS E NOME:	Villanueva Patao, Belén
GRAO EN:	Lingua e literatura galegas
(NO CASO DE MODERNAS) ITINERARIO EN:	
TITOR/A:	Ramón Mariño Paz
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Historia da lingua

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título

Juan Antonio Saco Arce no Rexurdimento galego




Resumo [na lingua en que se vai redactar o TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:

No século XIX prodúcese un cambio en positivo cara á dignificación e estudo da lingua galega. Logo dun período de escuridade no que se deu un baixo nivel de uso escrito do galego e en que este sufriu un proceso de substitución lingüística, danse unha serie de factores que propiciarán un cambio na mentalidade da época. Esas causas, e o Rexurdimento no seu conxunto, serán o noso primeiro obxecto de estudo.

Deseguido, situaremos a figura de Juan Antonio Saco Arce neste contexto de aparición e difusión dos movementos galeguistas baseados na defensa da singularidade e personalidade diferenciada de Galicia. Neste marco, e logo de presentarmos os seus datos biográficos básicos, expoñeremos as distintas facetas do seu traballo intelectual: gramático, poeta, estudoso da poesía e do refraneiro popular, publicista de artigos sobre temas lingüísticos e literarios...

O traballo concluirá cun capítulo en que se faga unha avaliación do que supuxeron o seu discurso e as súas obras para o renacer, non só dunha lingua, senón tamén dunha cultura e unha identidade que vivía oculta e minusvalorada no pobo galego. Nesta análise non poderemos esquecernos das motivacións do autor nin do punto de vista dos seus coetáneos (políticos, pensadores e artistas) sobre a situación do país e a lingua.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Sinatura do/a interesado/a 	Visto e prace (sinatura do/a titor/a) 	Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data 16 NOV. 2018 
---	--	---

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidenta da Comisión de Títulos de Grao)

Introdución

O noso proxecto céntrase nunha etapa da que moito se ten falado na historia da literatura e a lingua galega, o Rexurdimento. A pesar de que son numerosos os estudos deste século XIX, cremos que non está todo dito, e por iso decidimos traballar para botar máis luz, se cabe, sobre un período de tanta importancia para a nosa lingua, a nosa literatura e a nosa cultura en xeral. A maioría das achegas que atopamos sobre estes anos teñen como protagonista a literatura; outras céntranse no conflito social e o que iso supuxo para a lingua, e as menos tratan sobre a normativización do noso idioma. Pensando nisto último, veunos á mente a figura de Juan Antonio Saco Arce, ao que podemos considerar autor da primeira gramática rigorosa da lingua galega, e decidimos ofrecer no noso Traballo de Fin de Grao unha perspectiva diferente do Rexurdimento relacionándoo dun xeito directo coa vida e obra do gramático ourensán.

Abordar a tarefa de reconstruír a vida de Saco Arce e poñela en consonancia co que estaba a acontecer a mediados do século XIX esixía unha extensa documentación e consulta de arquivos. Despois duns meses de tentar dar forma a este documento, que na nosa humilde opinión recolle e amplía o que coñeciamos acerca do devandito autor, o noso esforzo colleu forma e ao fin puidemos presentar un traballo no que se abordan distintas cuestións. Por unha banda comezamos a esclarecer as causas, motivos e fitos principais do Rexurdimento, para logo situar a figura de Saco Arce nese contexto de movementos galeguistas en prol da lingua e a cultura galegas.

1. O Rexurdimento

1.1. Contexto histórico e fitos principais

O termo *rexurdir* implica recobrar a vida que se tiña perdida. Cara á segunda metade do século XIX, en diferentes territorios da península ibérica asistimos a un proceso de renacer das linguas romances en situación de diglosia. En Galicia, a este movemento de recuperación do idioma propio como lingua vehicular da cultura, déuselle en chamar Rexurdimento.

Non podemos describir nin analizar esta etapa dende un prisma exclusivamente literario, pois o Rexurdimento é froito dunha serie de mudanzas na sociedade da época, e xa que logo está poderosamente influído por un ambiente intelectual no que o contexto social

xoga un papel decisivo. Por todo isto, e antes de introducirmos de cheo nas causas, obxectivos e figuras do Rexurdimento galego, cómpre primeiro facermos un pequeno percorrido polos séculos anteriores a este movemento e sobre todo deternos no contexto social e cultural no que se produce. Isto favorecerá que presentemos o fenómeno dun xeito global e compacto, pois descartamos a idea de asociar o renacer da lingua e a cultura galegas cunha listaxe de publicacións e autores. Para nós, o Rexurdimento é a consecuencia da historia que tivo que atravesar o noso idioma.

Logo de que o galego gozase dun excepcional esplendor como lingua de cultura, tal e como testemuña a lírica medieval galego-portuguesa, chegado o século XV o idioma galego perdeu esa relevancia no eido cultural e o seu uso foi quedando paulatinamente restrinxido ao ámbito oral e familiar, con escasa proxección pública. Xa que logo, nos séculos seguintes, nomeados na nosa literatura como Séculos Escuros, as mostras de galego escrito son moi escasas e de pouco valor filolóxico, mais non por iso irrelevantes para o estudo da evolución da lingua, xa que nos achegan datos sobre a sociedade da época e o tratamento que recibiu o idioma propio de Galicia. Algúns exemplos das escasas mostras textuais en lingua galega dos séculos XVI, XVII e XVIII son *Canto da Frouseira* (presumiblemente redactado entre 1530 e 1540), *Exequias pola raíña Margarida de Austria* (1612), *Entremés galego ao feliz e real parto da nosa raíña* (1707), obra de Salvador Francisco Roel e outras dúas composicións anónimas, unha que recolle o saqueo de Cangas polos turcos (1617) e outra que constitúe un canto ao lendario monte Medulio. Non podemos esquecernos ao falar deste período de figuras como o padre Sarmiento ou o cura de Fruíme, que no século XVIII foron quen de facer unha defensa e tentar estudar a nosa lingua nun momento tan crítico para o idioma e a cultura galega, sementando así os ideais que máis tarde recollerán os homes e mulleres do Rexurdimento.

Como ben sabemos, o marco sociolingüístico xoga un papel fundamental cando pretendemos estudar a evolución dunha lingua. Por iso é imprescindible coñecer como se rexía a sociedade durante estes séculos de silencio literario case absoluto.

Durante os Séculos Escuros a poboación galega estaba organizada nun sistema estamental: a base da pirámide estaba conformada polos labregos e mariñeiros, seguidos polos comerciantes e artesáns que habitaban as vilas. As posicións de poder estaban reservadas para o clero e a nobreza, e presidía a figura do rei, máxima autoridade na

monarquía absolutista instalada no noso territorio. Esta organización da sociedade responde en esencia ao que historicamente se coñece como Antigo Réxime, un sistema no que os estratos acomodados defendían a unidade territorial do reino de España sen prestar demasiada atención á diversidade cultural presente en todo o territorio peninsular de dominio español. O modelo económico estaba baseado nunha pouco produtiva agricultura de subsistencia, asemade afogada polos tributos que cumpría render aos grandes propietarios da terra, a fidalguía e mais o clero.

Estas circunstancias fan que nos atopemos cun panorama desolador para a cultura galega. A maioría da poboación non estaba alfabetizada, e as poucas persoas que tiñan a fortuna de poder aprender a ler e escribir, aínda que fose de xeito rudimentario, facíano en castelán, lingua que xa adquirira o status de prestixio. É lóxico pensar, pois, que con ese modelo educativo promovido dende un Estado de carácter centralista (e sempre baixo a tutela da Igrexa católica, por suposto) o galego fose quedando relegado aos usos orais das clases populares.

Neste punto da historia comezan a chegar a Galicia funcionarios e nobres procedentes doutras partes do reino, persoas que non tiveran nunca contacto co galego, e isto vai propiciar varios cambios. Por unha banda, o prestixio que imprimía a súa condición social fixo que a nobreza galega, as clases máis favorecidas e o clero se achegasen ao seu círculo, adoptando unha lingua foránea como súa (o castelán) e considerándoa mellor que a que eles aprenderan de seus pais. Asumindo o castelán como lingua de uso habitual, impregnárono do prestixio social do que gozaba súa clase. Os falantes do galego, pola contra, eran os labregos, xente que vivía no rural e que non tiña a posibilidade de acceder a formación regrada ou escolaridade de ningún tipo. O desprezo que existía cara a eles por parte das altas esferas da sociedade trasladarase tamén á lingua galega, definíndoa como ruda, propia de xente inculta e relacionada co atraso económico. Con este panorama poderíamos concluír que estes feitos, consecuencia desa chegada de xentes castelás a Galicia, comportan efectos moi negativos para a realidade da lingua galega; porén, nesta altura deuse un feito que, sen pretendelo, foi favorable para o galego. Así, a pesar da oposición ricos/pobres e letrados/iletrados que separaba ambos os estratos da sociedade, entre uns e outros debía seguir existindo entendemento: mestres, cregos, médicos, avogados etc. precisaban comunicarse coa base da pirámide social, o que propiciou que comezasen a aparecer os primeiros dicionarios da lingua galega co obxectivo de que os foráneos puidesen desempeñar o seu traballo sen

problemas en terras galaicas. Así se recoñece no prólogo do dicionario de F. Javier Rodríguez (1863), escrito por Antonio de la Iglesia, no que mesmo fai unha referencia a un comentario de Sarmiento sobre o ensino e o mal uso do castelán nas escolas (Hermida 1994: 65).

Precisamente, se tivésemos que destacar un autor que no século XVIII rompe a pesimista dinámica dos Séculos Escuros sería, sen dúbida, frei Martín Sarmiento. A maior inspiración das figuras do Rexurdimento regresa a Galicia logo de formarse academicamente nunha orde eclesiástica madrileña, e tarda pouco en decatarse das singularidades que distinguen o noso idioma do castelán e tamén do desdén que algúns galegos lle profesaban. Sendo un gran defensor das humanidades e da riqueza que implicaba a variedade cultural, comezou a recoller voces galegas e a tentar estudalas. O seu obxectivo, segundo el mesmo afirma, era “proponer a los gallegos eruditos y curiosos [...] que hagan más aprecio de la lengua que han mamado [...], que no hagan estudio de olvidar su idioma” (*apud* Alonso Montero, 1970: 20). Foi o primeiro en facer referencia aos comentarios do marqués de Santillana sobre o pasado medieval e glorioso da literatura galega, e que desencadearon posteriores investigacións, como as de Verea ou Neira, baseadas nestas palabras. Tamén Juan Manuel Pintos, como veremos máis adiante, ten moi presentes a súa figura e as súas ideas. Sen dúbida, a súa actitude respecto da nosa lingua responde a un cambio de mentalidade que vai influír moito naqueles que pretenden a dignificación, o estudo e a divulgación do idioma.

Cambiando de século prodúcense tamén unha serie de mudanzas na política e na sociedade estatal, así como un xiro na mentalidade europea, pero o certo é que Galicia chega á Idade Contemporánea carecendo aínda de institucións propias, mais aló das Xuntas do Reino. Deste xeito, Galicia forma parte da Coroa de Castela sen que existan institucións que fagan fronte á política centralizadora.

O século XIX é un período de transición e confusión. Mentres que en Europa comeza a ruptura coas monarquías absolutistas e os sistemas de produción capitalistas eríxense como os alicerces sobre os que se asenta a nova sociedade, ansiosa de cambios no resto do continente, nas nosas latitudes o proceso non é paralelo e non vai ser ata ben chegado o século XX cando estas ideas transformadoras callen na sociedade e conduzan a un cambio real. A sociedade estamental vai esmorecendo para dar paso a un novo sistema de clases, coa aparición da clase obreira e da burguesía, mais en Galicia a escasa

industrialización, representada polas poucas empresas conserveiras, non permite que poidamos facer esa análise de mudanza e ruptura que se agardaría. Aínda así, podemos destacar un cambio significativo que afecta á estrutura social: chegado doutras partes do reino irrompe un novo grupo social no panorama urbano galego, a burguesía consagrada como elite vilega. Os integrantes deste novo estrato social procedían doutros puntos da Península para substituír os fidalgos autóctonos, reticentes a abandonar o rural e a explotación das terras, e ocupar así o baleiro de “poder” que estes deixaron nas vilas. Como o cambio no sistema económico non foi demasiado importante, os estamentos sociais seguían a diferenciarse entre os que pagaban por traballar a terra e os propietarios dela.

O carácter centralizador e paternalista que distinguía o novo Estado español promovía o uso exclusivo do castelán en todo o territorio como lingua de ensino e de cultura. O galego estaba completamente desprotexido e desprestixiado, polo que a reacción galega a esta aldraxe non se fará esperar. Nace así un movemento político contrario a esta concepción de estado: o provincialismo.

Vimos describindo dende o comezo unha etapa de desigualdade idiomática. A incapacidade de Galicia de constituír un reino propio, os funcionarios foráneos que chegan cunha lingua allea acollida pola nobreza e a burguesía autóctona e, por suposto, o carácter castelanizador do Estado fixeron que a situación lingüística do galego fose moi desfavorable e aumentase ese desprestixio social de que vimos falando. A situación parecía conducir cara a unha substitución inminente en favor do castelán; mais no ano 1840 nace o provincialismo e poderemos ver un raio de luz neste longo camiño de escuridade. Nun principio este movemento político xorde coa idea de rexeneración socioeconómica de Galicia e coa finalidade de poñer en valor o noso carácter distintivo; non obstante podemos afirmar que logo do levantamento de Solís en 1846 e o consecuente fusilamento dos mártires de Carral a atención desviose fortemente cara á recuperación da lingua e a literatura.

Logo de ler a varios autores e as súas teorías sobre a data de inicio deste período, decantámonos polo ano 1840. O mesmo ano no que aparece o provincialismo dá comezo o Rexurdimento, etapa na que Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez despuntan como poetas e Juan Antonio Saco Arce é o máis excelso gramático.

Houbo debate verbo da data exacta en que se pode situar o inicio esta etapa, pero optamos pola postura de Ramón Mariño (1991: 386-393) e Carme Hermida (1994: 59-62), quen nos achegan razóns moi convincentes e documentadas para crermos que o comezo do Rexurdimento está estreitamente ligado coa aparición do provincialismo. Unha delas é que antes de 1840 non se aprecia conciencia reivindicativa sobre a utilización do galego na escrita, e a chegada dun ideario político coas miras postas en Galicia, supoñía que por vez primeira existía unha organización con intencións de recuperar os usos normais da lingua en ámbitos que lle foran arrebatados ao galego. Ademais, semella que os autores e actores do Rexurdimento non recibiron demasiada influencia das obras publicadas con anterioridade ao ano 1840, xa que non existen comentarios sobre elas.

Cales foron eses textos anteriores a 1840 escritos en galego? Trátase de textos cunha función pragmática, é dicir, podemos considerar que a escolla do galego ten neles un fin sinxelamente comunicativo e nada ten que ver cunha decisión ideolóxica. Eran obras de carácter político (*Un labrador que foi sarxento*, 1808) e tamén sobre temas de moita actualidade na época, como *A casamenteira* (na que se fala de casar por amor e non concertar os matrimonios), pero que non se poden entender como reivindicativas. Isto demostranos que o discurso literario rexurdimentista se construíu dunha maneira independente a partir de 1840. A primeira composición literaria dun autor incluído en todos os manuais como precursor do Rexurdimento está datada en 1842: *Un-a carta anónima*, de Francisco Añón. Por último, os propios participantes neste movemento usaron datas comprendidas entre 1840 e 1845 para datalo. Puidemos ter adoptado a postura dalgúns estudosos, como foi o caso de Carballo Calero (1981), que datan o comezo no ano 1863, ano da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, mais consideramos que esta data é válida cando falamos a nivel literario pero non cando nos referimos a un movemento máis amplo de recuperación do idioma, que é o que nós pretendemos analizar. O peche desta etapa prodúcese, segundo interpretamos, en 1891, cando se celebran os Xogos Florais de Tui (Hermida 1994: 269), a primeira vez que un acto público se leva a cabo integramente en galego, e non en 1916, data en que xurdiron as Irmandades da Fala, e que moitos historiadores tenden a asociar coa fin do Rexurdimento; porén nós consideramos que o labor levado a cabo polos impulsores rexurdimentistas acada a súa máxima expresión nese acto tan significativo de Tui, representando o cumio das súas expectativas. Aínda que os esforzos da etapa precedente

sexan fundamentais para a seguinte xeración, cremos que algúns anos antes das Irmandades (1916) xa comeza a abrirse unha nova etapa claramente diferenciada e planificada de dignificación e cultivo da lingua.

1.1.1. Fitos principais

Para que hoxe poidamos falar de Rexurdimento tiveron que darse moitos feitos illados que, sen pretendelo nun primeiro momento, camiñaron uns atrás dos outros cara a unha mesma dirección. Moitos autores da época, probablemente influídos polos primeiros pasos que dera Sarmiento, comezaron a reclamar o uso do galego na escrita, a fomentar o seu estudo e a buscar sobre todo a dignificación do idioma. Xogaron un papel decisivo a prensa escrita do momento, que se fixo eco de todas estas reivindicacións, e a imprenta, por ser tamén difusora da cultura galega.

Uns dos primeiros autores en promover o uso do galego neste período foron Vereá y Aguiar (1837) e Neira (1842), ambos facendo alusión á literatura medieval. Despois deles, Fernández Anciles publica un artigo cun título moi revelador, “Importancia que debe darse al dialecto gallego”, no que primeiramente defende a Galicia e as súas figuras ilustres, e remata facendo alusión ás composicións medievais e alentando os mozos a que escribisen na lingua da súa patria. Tamén en 1858 Manuel Murguía publica na revista *El museo universal* un artigo sobre poesía galega no que, ademais de analizar algúns autores, fará unha defensa do galego como lingua medieval e primeira en crearse na Península. O libro *La primera luz* (1860), do mesmo autor, estaba destinado ao ensino, algo insólito ata o momento, pero segundo el necesario, xa que os nenos son futuros falantes que deben estar formados na súa lingua nai. Estas constitúen tan só unha pequena mostra de todas as publicacións en revistas e xornais da época, tamén moi implicados no proceso de recuperación, cunha temática común que avogaba pola dignificación.

Se comezan a aparecer estes chamamentos de forma repetida por parte de autores relacionados co mundo intelectual cabería preguntarnos se estaban organizados os impulsores do Rexurdimento. Na nosa opinión non foi casualidade que moitos dos intelectuais do momento estivesen orientados cara a unha mesma dirección e procurando uns obxectivos comúns. Tiveron que existir unhas causas, mais non cremos que se tratase dun grupo organizado que deseñase unhas estratexias cunha fin concreta.

Opinamos que os tempos eran chegados e o Rexurdimento foi froito do esforzo dun cúmulo de individualidades, todas influenciadas por un pensamento común.

Xa vimos que algúns intelectuais promulgaron o uso do idioma na escrita por medio da prensa, pero houbo un que, ademais de facer defensa do idioma (no artigo “Recramo” expresa que todas as linguas son iguais e que cada un debe falar sen avergonzarse do idioma que lle ensinaron seus pais), cultivouno no eido literario e defendeu a creación dunha koiné. Por primeira vez no Rexurdimento oímos falar de crear algo así como o que hoxe denominamos estándar. Xoán Manuel Pintos, o autor da obra en latín, español e galego *A gaita gallega tocada polo gaitero, ou sea a Carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega e aínda máis* (1853), é un dos intelectuais máis implicados na recuperación do idioma. O seu libro componse de coplas, algunhas delas xa publicadas anteriormente en xornais, e malia que pretende ser un manual de lingua as súas acertadas achegas referentes ao vocabulario non comprenden unha obra de estudo lingüístico. Nesta obra, un gaitero vaille explicando a un tamborileiro todas as cuestións sobre a lingua e a tradición galegas. Esta estrutura fainos pensar na influencia que debeu exercer sobre el o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, de frei Martín Sarmiento, xa que Pintos utiliza o mesmo método de enumeración de voces e iso é o que lle confire o seu carácter didáctico. Nel faise unha defensa do galego sen desprestixiar outras linguas; máis ben, fomentaba o coñecemento de todas as linguas posibles pero sen deixar nunca a propia apartada. Segundo sinala Murguía en “Poesía gallega contemporánea” (1858), antes de que Pintos decidise publicar ninguén pensaba que se puidese escribir en galego, nin aspirar a ser poeta nesta lingua. Aínda que xa existisen poetas que o usaban, desvalorizaban as súas propias composicións por mor do idioma no que estaban concibidas. Para Alonso Montero (1970: 18) *A gaita gallega...* non está escrito “con la conciencia clara de la necesidad y de la posibilidad de una literatura propia”, afirmación coa que non estamos plenamente de acordo, xa que Pintos expresou explicitamente a necesidade de que o galego fose apto para todos os ámbitos, incluída a literatura, polo que consideramos que é un acto deliberado publicar un libro no que o galego teña unha presenza tan clara nese momento. Outra cousa ben distinta é a repercusión e os continuadores nos que esta obra puido influír, e aí si concordamos con Alonso Montero (1970: 18) cando se decanta por *Cantares gallegos* como obra de referencia para escritores posteriores.

Debido á falta de existencia dunha norma común para a lingua, a redacción deste libro ten trazos do galego da zona occidental de Galicia, de onde el era nativo. É moi común que os escritores desta época escribisen cada un na súa variedade dialectal, de aí que moitos, ao veren as diferenzas entre a lingua literaria duns e outros, reclamasen a creación dun estándar ou koiné, como lle chamou o propio Pintos. Con todo, consideramos a obra de Pintos como a que abre novos vieiros para o estudo e o cultivo da nosa lingua.

Se continuamos cronoloxicamente camiñando polos fitos principais do Rexurdimento atopámonos co seguinte no ano 1861. Desta volta non se trata dunha publicación, senón da convocatoria dos primeiros **Xogos Florais** de Galicia, que se celebraron na cidade da Coruña.

Estes encontros constituían unha modalidade do concurso literario medieval recuperado polos cataláns no ano 1859, co afán de dignificar e apoiar a difusión da súa lingua e a súa literatura. Antonio de la Iglesia acode a ese evento e queda fascinado, non entende por que en Galicia non acontece o mesmo: “El desaliento que cubre a la literatura galaica que no recobra las alas de su antiguo vuelo, para que escenas tan tiernas, consoladoras y sublimas puedan imitarse aquí donde nacieron los antiguos trovadores Macías, Juan Rodríguez y Suarez Paiva” (*Galicia. Revista Universal de este Reino*, 1861: 104-106). Ao fin, dous anos despois do certame catalán, en xullo de 1861, celébranse os primeiros Xogos Florais na Coruña e, uns meses despois, convocáronse os de Pontevedra, para irse incorporando máis tarde o resto das cidades galegas. Nun principio só existía un premio, destinado a unha obra que debería estar escrita en galego, e que versase sobre a temática “A Galicia”; nos demais galardóns deixábanos á elección do artista. Francisco Añón, co seu poema *A Galicia*, consegue un accésit nos Xogos da Coruña, xa que o primeiro premio queda deserto.

Os principais promotores desta idea foron os irmáns De la Iglesia, Antonio e Francisco, e o primeiro patrocinador foi José Pascual López Cortón, un indiano retornado que custeou a publicación do *Álbum de la caridad* (A Coruña, 1862). Este libro recollía as composicións gañadoras do certame acompañado dun *Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, que tivo a ben engadir o citado patrocinador. Dos 419 poemas que recolle a colección, corenta están escritos en galego. Cal era a finalidade do concurso? Sempre a de promocionar o uso do idioma, tal e como López Cortón escribe

na dedicatoria do *Álbum de la caridad*: “alentar a la juventud estudiosa, a esa juventud que va a sucedernos incluso antes de nuestra muerte, alentarla para el cultivo de la poesía y la historia de nuestra dulce patria”. A verdade é que acadaron ese obxectivo e ademais levaron a cabo un grande labor de dignificación do país, mais, a pesar de seguiren o modelo catalán, diverxeron en certos asuntos de moita relevancia, como é o caso do uso da lingua. En Cataluña, dende o primeiro momento as obras presentadas debían estar escritas en lingua catalá e o acto desenvolveríase tamén na mesma; non obstante, no caso de Galicia durante os primeiros anos concurrían obras escritas en galego pero tamén en castelán, e incluso acadaron os premios algunhas obras que malia non estar escritas en galego facían unha clara defensa da patria. Non é ata o ano 1891, nos Xogos celebrados en Tui, e cando o Rexurdimento xa era unha realidade, que se realiza por primeira vez un acto público integramente en galego: dende o discurso pronunciado por Murguía enaltecendo a nación ata os carteis anunciadores distribuídos pola vila. Esta comparativa entre os Xogos Florais cataláns e galegos é interesante sobre todo dende o punto de vista literario, xa que na carreira de construír unha literatura propia sempre fomos un pasiño por detrás dos cataláns.

De todos os xeitos temos que entender a publicación de *A gaita gallega* e a celebración dos Xogos Florais como dous antecedentes necesarios que favoreceron, dun xeito ou outro, o clima onde fermentaría a creación da obra literaria máis importante do Rexurdimento: *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, a primeira escrita integramente en galego.

Xa indicamos con anterioridade que moitos consideraban a data de publicación deste poemario (1863) como o inicio do Rexurdimento, e aínda que non esteamos de acordo con esa afirmación o certo é que iso denota a grandísima relevancia que tivo para os escritores coetáneos e posteriores a súa aparición; isto é, marcou un antes e un despois na literatura galega. É a obra cumio deste período, e, xunto con Pondal e Curros, Rosalía coroa ese aumento de produción poética que se estaba a dar dende primeiros de século. Quere dicir isto que todas as mobilizacións que viñan existindo dende 1840 en defensa da lingua e a cultura galega viron realizadas a meirande parte das súas peticións neste momento. Isto supuña, amais, que os que se opoñían ao uso do galego na escrita tiñan que asumir que se estaba a crear unha literatura propia, en galego e de calidade.

Cando Rosalía publica esta obra faino co apoio de Murguía, un dos principais divulgadores das ideas do Rexurdimento. Con respecto a isto podemos pensar, case con toda seguridade, que a publicación responde a unha conciencia real da necesidade de crear unha literatura de noso.

Cantares gallegos reunía todos os requisitos que os provincialistas esperaban, e por iso se converte nun símbolo para eles. Recollía todos os idearios de distinción cultural e defensa da lingua, tan presentes en todo o século, expostos xa no prólogo pola propia autora. O feito de estar escrito integramente en galego e os temas que trataba (exaltación da paisaxe, defensa da lingua, emigración) fixeron que fose moi celebrado. A estrutura, semellante ás utilizadas por Pintos ou Sarmiento, ten forma de diálogo: unha moza pide permiso a alguén para facer unha louvanza da súa terra e élle concedido, e a partir de aí sucédense unha serie de poemas, creados a partir dunha copla popular, nos que fala das belezas, pero tamén das aldraxes que sofre Galicia por parte do Estado español. Escúdase a poeta sobre as faltas de ortografía que poida cometer no feito de que non exista unha gramática do idioma galego, e con esta afirmación reclama tamén un maior estudo da lingua.

No que se refire á literatura, xa que logo, semella que se acadaran certas expectativas, pero de todos é sabido que para construír unha literatura sólida precisamos unha lingua tamén sólida, de prestixio, e que conte cunha norma que unifique todos os textos. Rosalía non tivo unha gramática sobre a que apoiarse á hora de escribir nunha lingua carente de antecedentes literarios dotados de sona e prestixio, e sen unha institución recoñecida por todos, que elaborase unhas normas insistentemente demandadas polos intelectuais da época. É por iso polo que opta por escribir na súa variedade oral, como xa o fixeran autores anteriores.

Ao mesmo tempo que a produción literaria aumentaba paseniño, xorde por primeira vez en Galicia un reclamo colectivo preocupado pola unificación do idioma. Para algúns, esta sería a solución á problemática do pouco uso do galego: tendo unha norma facilitaríase moito o traballo aos usuarios. Para outros, a idea da aparición dun estándar suscitáballes o medo de que a nosa lingua perdese a súa esencia pura e se tendese a un galego menos natural. Aínda que existen distintas posturas entre os que defendían a creación deste estándar (que máis adiante analizaremos), o obxectivo común era o de determinar unha ortografía, depurar o léxico e eliminar castelanismos innecesarios;

atendendo a isto, logo, comezan a aparecer unha serie de obras tardías dedicadas ao estudo da lingua galega. Dicimos tardías porque o resto das linguas románicas, cun Estado que as amparou, contaban con gramáticas dende o século XV.

O primeiro dicionario galego publicado foi o *Diccionario gallego-castellano* (1863) de Francisco Javier Rodríguez, e o primeiro texto gramatical o *Compendio de gramática gallego-castellana* (1864) de Francisco Mirás. Logo virían dúas obras, *Diccionario del dialecto gallego* de Luis de Aguirre y del Río e *Gramática y vocabulario del dialecto gallego* de Braña, que quedaron sen publicar na súa totalidade, pero sabemos da súa existencia porque no ano 1863 déronse a coñecer pequenas partes en suplementos de xornais (González, Seoane 1991: 13). Cronoloxicamente chegarían despois *El habla gallega* de Cuveiro Piñol (1868), *Gramática gallega* de Saco Arce (1868), o *Diccionario gallego* de Cuveiro Piñol (1876) e o *Diccionario gallego-castellano* de Marcial Valladares (1884).

A pesar da variedade de gramáticas e dicionarios, o certo é que agás a *Gramática gallega* de Saco Arce ningunha das outras obras lexicográficas están á altura do que fixera Sarmiento no século anterior.

A esta nova mentalidade de cambio e rexeneración lingüística que acababa de dar comezo non tardaron en saírlle detractores. Cando o proceso de recuperación comezou a coller forza, o periódico *El Heraldo Gallego* publica en 1876 unha carta dirixida ao resto da prensa galega incitándoos ao uso do galego nos seus xornais porque, segundo a súa opinión, aínda que xa se tiña avanzado moito coa publicación da *Gramática gallega* e mais *Cantares gallegos* precisaban maior implicación deste sector. O *Diario de Lugo* (5.1, 10.1 e 20.1: 1877) contesta dicindo que sería un atraso para todo o país que o galego se estudase e fomentase, pois o único que se conseguiría con iso sería dificultar a comunicación co resto das provincias. A partir de aí comeza un intenso debate entre defensores e detractores da lingua, no que toda a prensa galega se ve involucrada apoiando unha ou outra postura. Entre os que estaban de acordo co diario ourensán atópanse o *Diario de Santiago* (10.2.1877) e *La concordia* (25.2.1877), mentres os partidarios da “oposición ao proxecto de ensinanza e propaganda do idioma galego” [*Diario de Lugo* “A El Heraldo Gallego. I e II”, en *El Heraldo Gallego* (5.1.1877: 2)] puxeron as súas plumas a disposición do diario lugués. Este enfrontamento ten relevancia no noso estudo, porque nos amosa claramente cales eran as ideas e

finalidades rexurdimentistas e os obstáculos que tiveron que sortear para acadar os seus propósitos.

En definitiva, compartimos a opinión de Hermida cando sinala que os obxectivos fundamentais do Rexurdimento foron formulados durante os primeiros anos (1840-1860) e callaron na sociedade entre 1861 e 1891. Na primeira etapa comeza o cultivo literario do galego dun xeito espontáneo, e xa que logo a lingua propia de Galicia convértese no centro de atención, o que propicia a aparición dos primeiros artigos incitando ao uso do idioma galaico. A partir de 1861, cando se celebran os primeiros Xogos Florais, empeza a coller forma todo o labor que se viña realizando, que se materializará na publicación da obra cumio da literatura da época, *Cantares gallegos*, e na celebrada chegada da *Gramática gallega* de Saco Arce.

1.2. Causas

Segundo algúns autores, a aparición do Rexurdimento foi espontánea, sen ningún movemento político que propiciara unhas boas condicións para que sucedese, e os estudosos deste movemento manteñen que a decisión de escribir en galego foi tomada por persoas illadas. Se ben nós recoñecemos que non existiu un grupo organizado cunhas estratexias claras e definidas que conducisen concretamente a obxectivos de prestixio e dignidade lingüística, temos que opoñernos coa mesma contundencia á idea de que o proceso de recuperación da nosa lingua sucedeu dun xeito arbitrario. É certo que foi froito de individualidades, pero esas individualidades compartían unha ideoloxía e tamén perseguían un propósito común. É lóxico pensar que se tiveron que dar unha serie de acontecementos que favorecesen este novo pensamento entre os intelectuais da época. Detémonos neste punto para explicar de xeito pormenorizado cales foron as causas da aparición do Rexurdimento.

a) Na altura en que xorde o provincialismo (1840) esta corrente camiña, en esencia, por uns vieiros maiormente de carácter político, mais logo de producirse o levantamento do ano 1846 e o conseguente fusilamento dos mártires de Carral, os provincialistas fan un cambio de rumbo na súa traxectoria e poñen o foco sobre a cultura e a dignidade do idioma. Sen dúbida, isto supón un feito indispensable para que se principie a traballar no eido da lingua e a literatura.

b) Cando anteriormente falamos dos Xogos Florais xa mencionamos a influencia que exerceron os modelos cataláns de recuperación do idioma sobre os galegos; por iso mesmo cremos que os nosos estudosos non eran descoñecedores do que ocorrera na Renaiñza e sen dúbida atoparon no leste do Estado un espello onde mirarse.

c) Un importante acontecemento ía facer que a concepción que existía sobre o galego mudase para sempre. A descuberta dun glorioso pasado medieval da nosa lingua foi unha das causas que favoreceron, sen dúbida, un cambio na mentalidade dalgúns galegos que tomaron conciencia da que fora a historia do seu idioma e reorientaron a súa traxectoria. Así, Vereá, na súa *Historia de Galicia* (1838), foi o primeiro en dar conta disto aludindo a unha afirmación do marqués de Santillana sobre a época en que os trovadores facían literatura en galego. Anos despois, Neira, en “Apunte para la historia de la literatura gallega” (1841), fala de existencia do cancionero de Baena, “donde hay muchas poesías gallegas”, e di tamén que hai un libro con poesías de Afonso X. Na práctica, a literatura medieval tivo moi pouca difusión, pero a súa existencia pasou a ser indiscutible. A súa influencia nas obras do Rexurdimento practicamente non existiu, debido a que moitos autores non foron coñecedores da mesma, e os que si coñecían as cantigas tiveron un difícil acceso a elas. Malia iso, non podemos negar a utilización que todos eles fixeron da descuberta para reafirmarse como nación cun pasado glorioso e unha lingua coñecida e apreciada en toda a Península, mesmo por un rei.

d) Sarmiento si tiña coñecemento desta literatura medieval, e foi tal a súa influencia nos participantes do Rexurdimento que os seus comentarios sobre o marqués de Santillana serán os que provoquen os estudos de Vereá e Neira sobre este tema. Pintos recolle moitas das ideas de Sarmiento a este respecto en *A gaita gallega*; unhas ideas que, xunto coa súa propia figura, exercerán un influxo enorme sobre as novas xeracións, o que desembocará no interese de moitos deles pola lingua galega.

Por último e para rematar de falar sobre os posibles detonantes para o cambio de mentalidade no XIX, non queremos deixar de facer mención á relación entre o romanticismo e Rexurdimento, que tanto leva dado que falar. Algúns estudosos deste

período defenden que o principal detonante do Rexurdimento foi o movemento romántico. Así, Carballo Calero (1981: 14) afonda nesta idea e convértese no seu principal valedor.

A ideoloxía romántica, abandeirada da singularidade individual e dos pobos, encaixa moi ben coa defensa que facían os provincialistas de Galicia; por iso resulta innegable que a atmosfera creada polo romanticismo arroupou o movemento de cambio na mentalidade galega; a idea principal de defensa da singularidade dos pobos e a relación de identidade que se establece entre *pobo e idioma* coinciden plenamente co ideario do Rexurdimento. Mais, con todo, sabemos que non foi a súa pedra angular; primeiramente porque a cronoloxía indícanos que cando comeza o proceso de recuperación lingüística en Galicia, o romanticismo xa non estaba vixente; ademais, a temática da literatura galega é fundamentalmente realista, non copia os postulados románticos¹.

1.3. Obxectivos

A influencia do anteriormente nomeado romanticismo e a súa principal consigna *pobo = idioma* foron asumidas polos actores do Rexurdimento. Para conservar a singularidade como pobo cumpría necesariamente conservar tamén o idioma. No noso caso, a lingua estaba nunha situación moi desfavorable, pois tendía cara ao abandono e, consecuentemente, a que se perdese. Se a lingua desaparecía, con ela diluiríase o principal elemento diferenciador dos galegos; por iso as figuras do Rexurdimento teñen como obxectivo principal a conservación do idioma propio.

Hermida (1994), Mariño (1998) e Monteagudo (1999) coinciden ao sinalar que para conservar a lingua galega debían, en primeiro lugar, lograr a súa dignificación e arredala do desprestixio social en que estaba instalada dende aqueles Séculos Escuros. Para logralo, cumpría que a consideración que os falantes tiñan sobre a súa propia lingua mudase.

O segundo obxectivo consistiría en fornecer o idioma dunha literatura propia, o que por unha banda constituiría unha grande achega para que a lingua ampliase os seus usos

¹ Segundo Vilavedra (1999: 103) non existiu un movemento romántico galego, aínda que se poidan detectar manifestacións en certas composicións de Nicomendes Pastor Díaz e Rosalía de Castro.

formais, e por outra faríaa válida para entrar noutros ámbitos de carácter máis ilustrado, como a escola ou a prensa.

E por último, pero non menos importante, os actores do Rexurdimento aspiraban a establecer unha norma ortográfica común e que desbotase todo o que non fose puro, moi necesaria para converter o galego nun idioma de cultura.

O primeiro dos obxectivos aínda é nos nosos días un dos principais problemas para a normalización, polo que as actuacións dos rexurdimentistas neste eido non tiveron demasiada influencia. Non obstante, no tocante á literatura e á gramática debemos agradecer e estimar o traballo feito, xa que neste período se acadou o cumio da literatura galega, e tamén asistimos á creación dunha das gramáticas máis salientables, por ser a primeira con valor científico e pola calidade dos seus estudos.

2. A figura de Saco Arce

2.1. Biografía²

Juan Antonio Saco Arce nace en Alongos, unha vila do concello ourensán de Toén, o oito de marzo de 1835. Pertence a unha familia de boa posición social: súa nai, dona Justa de Arce, era filla duns cortesáns do Palacio Real en Ferrol, e seu pai, don José María Saco, era descendente dunha casa nobre, e rematados os seus estudos de Farmacia exerceu como boticario na súa vila natal.

Grazas á boa situación económica da familia Juan Antonio Saco Arce comeza os seus estudos no Instituto de Ourense con 10 anos. No 1850 consegue o seu título de bacharel en Filosofía e decide iniciar os seus estudos en Teoloxía en Santiago de Compostela, que por certo conclúe con premio extraordinario. Impartindo clases na cidade de Pontevedra decide facerse sacerdote; nesta mesma vila están asinados todos os seus escritos anteriores a 1862.

É clave na súa formación o seu traslado a Madrid nese ano, logo de ordenarse presbítero, para cursar o doutoramento en Teoloxía, posto que na capital do Estado é onde coñece outras linguas románicas: estuda francés, italiano e alemán. Tendo claro que a súa vocación era o ensino, en 1863 gaña unha cátedra por oposición de mestre de

² Os datos para elaborara a biografía foron recollidos en Couceiro Freijomil, Antonio (1951-53), Pedret Casado, Paulino (1935: 41-43) e Saco Arce, Juan Antonio (1987: 9).

Grego, un posto docente que ocupará en Ourense ata a supresión do mesmo. En 1866 amplía a súa formación filolóxica ao graduarse en Filosofía e Letras pola universidade compostelá, e en 1868 aparece publicada a obra máis importante de Saco como gramático: *Gramática gallega*. Converterase así no principal estudoso da lingua galega no século XIX e nunha das principais figuras do Rexurdimento.

Nese mesmo ano a revolución de setembro supuxo unha nova Constitución, que deixaba atrás o reinado de Isabel II e abría camiño ao sexenio democrático. Saco négase a xurar esta nova Constitución e, como consecuencia, é apartado da súa cátedra (agora co nome de Retórica e Poética) no ano 1870. Non é ata a chegada da I República que é incorporado de novo ao corpo de profesores de bacharelato. No ano 1872 foi proposto por Cánovas para entrar a formar parte da Real Academia Española. Seis anos máis tarde, cando recoñecen o seu labor como profesor outorgándolle un premio e unha suba de soldo de 250 pesetas, publica *Poesías de don Juan Antonio Saco y Arce* (1878), a súa única obra en verso.

Tamén foi autor de numerosos artigos en revistas e xornais, dun “Texto para el diccionario de autoridades” encargado pola RAE —que permaneceu inédito— e o prólogo aos *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellanas de sus principales voces* de Pérez Ballesteros (1878).

No ano 1881 entraba na imprenta *Literatura popular de Galicia*, mais a súa repentina morte fai que a súa publicación non sexa posible. O 13 de setembro do 1881, logo de regresar dunha viaxe en barco para repoñerse da súa enfermidade respiratoria, con tan só 46 anos morre o noso ilustre gramático.

2.2. Gramático

Na Europa do século XIX existe unha abondosa proliferación de obras lexicográficas que non responde só a motivos lingüísticos, senón tamén a motivos políticos e sociais. Os postulados románticos, aínda palpables na sociedade, van favorecer cambios na mentalidade duns intelectuais cada vez máis interesados no estudo e o coñecemento das linguas romances ligadas á identidade dos pobos. A península ibérica non é allea aos movementos culturais europeos, mais a penetración destes non se produciu en todo o territorio do mesmo xeito, polo que o panorama lingüístico neste caso vai ser máis complexo.

En España, o conxunto da acción política desenvolvida durante o antigo réxime, tomou a decisión de implantar o castelán como lingua estatal, desatendendo a pluralidade lingüística existente no territorio. A restritiva política lingüística levada a cabo esixía a difusión dunha única lingua, que propiciaría a comunicación entre todos os cidadáns e facilitaría, ao mesmo tempo, o comercio coas colonias de ultramar. Co vento soprando a favor, a literatura en lingua castelá vén de vivir o seu maior episodio de esplendor, o Siglo de Oro, e o estudo filolóxico da lingua vira cara a unha etapa certamente gloriosa. O século XIX é o berce de moitas e importantes gramáticas e dicionarios, cun fin principalmente didáctico e pragmático, que acabaron por consolidar o uso do castelán como lingua hexemónica no territorio español peninsular e de ultramar. Sen desprazarnos do territorio ibérico, e botando unha ollada cara ao país veciño, co que nos unen lazos lingüísticos innegables, vemos que Portugal estaba a experimentar un proceso moi semellante ao español en canto á proliferación de obras científicas arredor da lingüística se refire. Nas últimas décadas dese século, os estudosos de lingua portuguesa, seguindo o camiño doutras linguas europeas, reivindicaron o status de ciencia para os estudos gramaticais. Podemos dicir entón que as dúas linguas con Estado recoñecidas na península ibérica gozaron dunha moi boa saúde e incluso un notable espallamento, que se viu traducido en numerosas obras relevantes para o que hoxe alimenta a gramática histórica.

O que ocorre con outras linguas peninsulares (nomeadamente o galego, o catalán e o éuscaro) ten moito que ver co seu carácter de linguas minorizadas e sen Estado. Sen contar con institucións que apoien o seu cultivo e defendan os seus intereses, estes idiomas “esquecidos” tiveron unha sorte ben distinta á da lingua oficial. A pesar de ser as linguas máis faladas nos seus respectivos territorios, tiveron que sufrir un forte desprestixio social, promovido polos que pensaban que estes “dialectos” (véxase o concepto connotado negativamente nese contexto) constituían unha deturpación do idioma dominante imposto en todo o territorio (o castelán) e supoñían unha ameaza contra a unidade do Estado español. Polo tanto, e debido a todas estas trabas, non podemos analizar a situación das linguas minorizadas no contexto de riqueza cultural e expansión que envolveu a traxectoria do portugués e o castelán no século XIX; máis ben debemos centrar a nosa análise no marco dun arduo proceso de recuperación e dignificación das linguas propias (Renaixença catalá e Rexurdimento galego), impulsado por axentes políticos contrarios ao Estado centralizador.

Como mostra comparativa deste desaxuste vemos que a primeira gramática do portugués, *Grammatica da lingoagem Portuguesa*, redactada por Fernão de Oliveira, data de 1536, e a primeira do castelán, a *Gramática castellana* de Elio Antonio de Nebrija, de 1492. Xa que logo, estas dúas linguas comezan a súa andaina neste eido arredor do século XVI, o que contrasta dun xeito significativo co que ocorre en Cataluña e Galicia, onde tenden a considerarse como primeiras gramáticas *Gramática gallega* (1868) de Juan Antonio Saco Arce e *Gramática y apología de la llengua catalana* (1812), obra de Pere Pau Ballot³. O desfase cronolóxico que existe entre os inicios dunhas e outras historias gramaticais, unha vez máis, dificulta que poidamos contrastar obras das distintas tradicións, xa que sería pola nosa parte un acto irresponsable non ter en conta as situacións sociolingüísticas tan dispares de cada unha das linguas e os contextos de creación das gramáticas do século XIX.

Poñendo o foco no caso galego, interésanos saber cales foron os cimentos sobre os que se construíu a tradición gramatical galega: quen a impulsou, quen a construíu e de que maneira.

As primeiras tentativas de describir a gramática galega e de fixar a ortografía da lingua datan da segunda metade do século XIX. Ao non contar a nosa tradición cun referente medieval, nin renacentista, como no caso do francés, o castelán ou o portugués, o traballo levado a cabo en Galicia neste tempo conta co valor engadido, pois pártese de cero⁴. O provincialismo xoga un papel impulsor crucial na creación deste tipo de obras no momento en que sitúa a lingua como eixe central sobre o que debería xirar o proceso de dignificación do país. Consecuentemente, a creación dunha literatura propia e os chamamentos que reclamaban unha norma para o galego escrito non se fixeron esperar. Foron incesantes e moi numerosos os artigos publicados facendo referencia a este tipo de demandas; o primeiro do que temos constancia é un artigo titulado “Lengua gallega”⁵, publicado en 1849 por Leopoldo Martínez Padín, quen promove o estudo do galego como ferramenta para afondar noutras linguas romances debido á súa

³ Existiron obras de menor calado en ambas linguas, como *Gramática catalana breu i clara* (1676) de Lorenzo Cendrós ou o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Francisco Mirás (1864).

⁴ No século XVIII leváronse a cabo en Galicia algúns traballos de estudo lingüístico da man dos ilustrados, pero estes tratados eran máis ben obras lexicográficas que, máis que ofrecer un modelo de lingua, pretendían demostrar que o galego era unha lingua capaz de someterse a unha norma (Rosario Álvarez: “Gramática”, en *Gran enciclopedia galega*, vol. 22, p. 44-50).

⁵ Artigo publicado en *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia. I* (1849: 209-211).

proximidade co latín. Despois del, outros intelectuais como Cubí, Braña ou Cuveiro⁶ defenderon a mesma postura, equiparando o idioma galaico a calquera das outras linguas romances. Posiblemente o reclamo social foi un dos principais combustibles que puxeron en marcha o motor do estudo lingüístico, pero non foi o único. O ambiente favorable para o cultivo da literatura, sobre todo da poesía, fixo posible que se puidera falar por primeira vez na nosa tradición dun corpus literario (cómpre subliñar que aínda non se coñecían os ricos cancioneros medievais). Ese corpus literario precisaba ser homoxéneo no plano lingüístico e superar o interdialectalismo imperante; por iso os creadores puxeron de manifesto esta carencia, contribuíndo así á aparición dunha ansiada norma:

Sin gramática, nin regras de ningun-ha clás, ó lector topará moitas veces faltas d'ortografía, xiros que disoarán ôs oídos d'un purista, pró ô menos, e prá disculpar en algo estes defectos, puxen o mayor coidado, en reproducir ó verdadeiro espírito d'o noso pobo.

(Rosalía de Castro 1863: 16)

Co fin de solucionar esas deficiencias que reclamaban autores e intelectuais, e sobre todo cun afán de dignificación, nacen os textos gramaticais galegos do século XIX. Ao non contar en Galicia con filólogos ou gramáticos expertos no tema, estes textos van ser obra de afeccionados con boa vontade con respecto á lingua, pero a maioría das veces pouco preparados para acometeren tal labor (González Seoane 1992: 4), ou, como afirma Carballo Calero (1979: 30), “son obra de afeccionados o eruditos sin formación lingüística, o de filólogos de formación anticuada”. Exceptuando a *Gramática gallega* de Saco Arce, as demais non contan cun valor filolóxico relevante, a pesar de seren útiles para a gramática histórica.

Segundo declara Murguía en *Poesía gallega contemporánea* (1858: 12) “Juan Manuel Pintos, el primero que abre la senda, de una manera digna al estudio y cultivo de nuestro hermoso dialecto”; unha postura da que podemos obter dúas reflexións dende a perspectiva actual. En primeiro lugar, queda patente a necesidade dunha norma que a metade de século aínda non fixera acto de presenza. E en segundo lugar, resaltamos o interese de Murguía por enaltecer unha figura como a de Pintos, quen se aproximou ao estudo da lingua dotándoa así do prestixio que imprimía ser unha lingua normativizada.

⁶ En Hermida (1992) recóllense estes textos.

Discrepando con Murguía, consideramos que o texto de Pintos non é unha obra gramatical⁷, polo que non a imos ter en conta á hora de facer a relación de textos publicados no século XIX sobre este eido. Cinguirémonos xa que logo ás obras aceptadas por todos os estudosos na actualidade.

Ramón Álvarez de la Braña, autor de *Gramática y vocabulario del dialecto gallego* (Madrid, 1863), abre a senda con esta obra que non podemos nin sequera catalogar de gramática, pois só se coñecen dela dous pregos publicados en 1894. A pesar diso, o valor histórico é innegable: destacamos que no seu prólogo faga un chamamento ao estudo do galego e a que se evite o seu esquecemento por parte das institucións. Un ano máis tarde sae á luz o primeiro texto gramatical, obra de Francisco Mirás: *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creación y Redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor* (Santiago de Compostela, 1864). No prólogo deféndese a postura de que o galego é unha lingua filla do latín, irmá das outras romances, pero á vez a máis próxima á lingua matriz, unha tese utilizada dun xeito recorrente por todos os impulsores do Rexurdimento para, unha vez máis, dotar de prestixio o galego e desmentir a idea de que é un dialecto do castelán. No ano 1868 danse a coñecer dúas obras de distinto valor: *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y visicitudes* (Pontevedra, 1868), de Juan Cuveiro Piñol, e *Gramática gallega* (Lugo, 1868) de Juan Antonio Saco Arce, esta última, tal e como vimos sinalando, considerada a primeira gramática do galego polo seu rigor e metodoloxía. Conforme reconece o propio Cuveiro, a súa obra é unha achega máis que servirá de axuda a outra persoa máis capacitada para levar a cabo a tarefa de describir e normativizar a lingua. No seu prólogo dá a benvida á gramática de Saco como unha obra máis completa que a súa, e non lle falta razón. Xaora, máis adiante analizaremos polo miúdo esta obra pioneira de Saco Arce, que destacou por presentarse como un tratado científico acorde cos progresos da filoloxía contemporánea. Non obstante, antes poñeremos de manifesto o pensamento de Saco en relación co galego para, así, poder entender moitas das posturas que adopta na propia gramática. Por último, e coincidindo

⁷A pesar de conter achegas importantes, como o vocabulario etimolóxico galego-latino, non podemos catalogar como gramática nin como un estudo lingüístico, senón mais ben como unha defensa do idioma. (Mariño 1998: 490). Segundo Hermida (1994: 66), o máis importante da obra de Pintos é a incitación que fai ao estudo e cultivo do galego, e o que máis destaca no terreo lingüístico é a descrición da consideración social do idioma.

co ano no que se dá por finalizado o Rexurdimento (1892), Marcial Valladares redacta *Elementos de gramática gallega*, publicada postumamente en 1970. Decide facela en parte para xustificar o sistema usado no seu *Diccionario gallego-castellano*⁸.

Xa que a *Gramática gallega* é o eixe principal do noso traballo, por ser a obra cumio do Rexurdimento —dende o prisma dos estudos lingüísticos—, vemos necesario discernir cal foi o pensamento do seu autor en relación ao galego e tamén a postura que adoptou con respecto ás polémicas xurdidas verbo da lingua na súa época. Para obtermos información acerca da opinión dos autores do século XIX énos de moita axuda recorrer aos prólogos das súas obras, que son, en maior ou menor medida, declaracións de intencións e reflexo das inquedanzas de cada un. No caso de Saco, e seguindo a mesma dinámica que os seus coetáneos, o prólogo de *Gramática gallega*, o de *Literatura popular de Galicia* e mais o que escribiu para o libro de Ballesteros van ser unha mostra fiable da súa postura con respecto á lingua e ao seu estudo.

Foi Juan Antonio Saco Arce un bo observador do panorama sociolingüístico, pois decatouse do menosprezo e o abandono que estaba a sufrir o galego por parte do seus falantes: “Tiempo ha que viene sufriendo una lenta, pero incesante destrucción, merced al continuo roce con la lengua oficial y clásica [...]”, situación que debía revertirse, xa que do contrario a lingua nunca recuperaría o prestixio: “Y sin embargo, el pueblo que no quiera avergonzarse de sí propio á la faz de los demás; el que desee hacer valer su honra y dignidad de raza o nación, es menester que empiece por estimar y glorificar su lenguaje” (Saco Arce 1878: X).

Solamente los hijos de Galicia, haciéndose eco de extrañas preocupaciones, aceptando el estigma de menosprecio con que los demás quieren marcarlos, tienen a gala renegar de su lenguaje nativo y se juzgan cultos extendiendo sobre éste el ignominioso desden que pesa sobre su hermosa región.

(Saco Arce 1868: VI)

Para o noso autor, a creación dunha literatura de noso era imprescindible para facer fronte a esta situación, pero sobre todo consideraba moi necesario o estudo da lingua:

⁸ A pesar de que o tema que nos ocupa é o panorama gramatical galego do século XIX, parécenos de xustiza facer tamén unha mención con respecto ao eido da lexicografía, tendo en conta os dicionarios que, sen dúbida, supuxeron un esforzo máis no camiño da dignificación e o estudo da lingua. Estes son o *Diccionario gallego-castellano* (A Coruña, 1865) de Francisco Javier Rodríguez, o *Diccionario gallego* (Barcelona, 1876) de Juan Cuveiro Piñol e o xa nomeado de Marcial Valladares (Santiago de Compostela, 1884). Todos eles son bilingües, e cada un constitúe unha copia e ampliación do precedente, polo que os erros cometidos nun rematan por copiarse e repetírense nos demais.

“Promover además [...] los estudios filológicos, con respecto á los cuales no hay ninguna lengua cuyo análisis puede ser indiferente” (Saco Arce 868: VIII). Saco contribuíu a este proceso coa creación da súa gramática, e alentando asemade a outros a que seguisen o seu vieiro. Deste xeito, abordou o estudo da lingua dende un punto de vista descritivo, isto é, non creou unha gramática pretendendo sentar cátedra, senón que a través da observación do galego oral, que el escoita e fala no seu contorno —“una lengua que apenas puede llamarse escrita, no puede tenerse por pura, sino tal como la hablan las únicas personas que no se han dejado aún contagiarse del castellano, esto es, los rústicos” (Saco Arce, 1868: VIII)—, describiu fenómenos e intentou aplicarlles unha norma para demostrar que a lingua galega podía someterse a estudo ao igual que as outras lingua romances. Esta maneira de entender o funcionamento da lingua e mais a súa predilección pola fala popular foron a tendencia maioritaria entre os seus coetáneos, mais aínda así houbo outra corrente, menos estendida, que contradicía a postura tomada por Saco con respecto ao modelo de lingua escollido para o seu estudo: era a liña dos cultistas. Así, cómpre sinalar que coexistiron nesta altura, segundo Ernesto González (1992), dúas posturas enfrontadas neste eido da lingüística: cultistas e popularistas. Saco foi a principal figura do movemento popularista creando, como xa mencionamos, gramáticas descritivas baseadas no galego “aldeán”. Marcial Valladares, pola contra, atópase formando parte do movemento oposto, os cultistas, que defendían o carácter prescriptivo das súas gramáticas guiados polo modelo de corrección do latín (como pode apreciarse no dicionario de Rodríguez de 1892) e o castelán (Valladares). Segundo eles, o verdadeiro galego debía buscarse nas capitais de comarca.

Así pues, el verdadero gallego no debe buscarse en la montaña entre las breñas, cuyos habitantes, en vez de hablar, braman en su lengua natural [...]. El verdadero gallego debe buscarse en el interior de Galicia en los pueblos comarcanos á las capitales de provincia [...].

(Rodríguez 1892/1893, nº 6, 341)

A ortografía tamén foi motivo de desacordo entre os estudosos e intelectuais do século XIX. A representación do fonema fricativo prepalatal xordo /ʃ/ causou unha fenda entre os partidarios da utilización de <x> e os que defendían o uso das formas etimolóxicas <x>, <g> e <j>, segundo os casos. Pintos decántase por este último modelo, mentres que Saco adopta na súa gramática a opción simplificadora do uso do <x>, apoiado por Pérez Ballesteros (1885: 5, N.1). Este debate levouse a cabo na prensa escrita, onde, como indica Hermida (1987), apareceron defensores de tres posturas: os etimoloxistas

—pretendían que as voces galegas se achegasen o máis posible ao étimo latino, polo que o uso de <g>, <j> ou <x> estaría determinado polo mesmo—, os que avogaron pola causa simplificadora —empregaron o xe en todos os contextos, por ser o uso máis estendido e coa intención de facilitarlles o traballo aos futuros usuarios da lingua— e, por último, xorde tamén unha postura castelanista, defendida por Marcial Valladares, quen suxería o uso do gue e do iota nos mesmos casos que no castelán, e o <x> quedaría reservado só para os casos nos que non se atopase correlato na outra lingua. Finalmente non se chegou a un consenso e cada un adoptou a norma que defendía; hoxe conservamos a opción elixida por Saco e Ballesteros.

Ao igual que con este tema, moitos aspectos da *Gramática gallega* aínda hoxe seguen vixentes, e aí é onde radica a importancia desta obra, pola súa capacidade de traspasar os tempos e servir de referencia para moitas xeracións ata a chegada da gramática de Ricardo Carballo Calero. Non sabemos se foi intención do autor fornecela dun carácter imperecedeiro, mais na seguinte análise tentaremos esclarecer esta e outras cuestións ao respecto da que foi o máis destacado tratado gramatical sobre a lingua galega do século XIX. En todo caso, o certo é que nesta obra Saco Arce demostrou estar ao corrente do que estaba a acontecer noutras gramáticas europeas, levando a cabo o seu traballo baixo as premisas do método científico.

Gramática gallega é unha gramática descritiva (que describe fenómenos) e normativista (pretende construír un modelo de lingua). Ao non existiren antecedentes galegos doutras gramáticas, e tendo en conta a calidade do seu estudo, podemos pensar que Saco se baseou en gramáticas doutras linguas que coñecía, como o grego, o latín, o italiano, o francés, o portugués, o castelán e case seguro que o catalán e o provenzal. Sabemos polo currículo escolar daquel tempo que debeu estudar gramática española no Instituto de Ourense, e o certo é que atopamos paralelismos estruturais co *Compendio de la gramática de la lengua castellana para la segunda enseñanza* (Real Academia Española 1864). A lingua vehicular en todo este volume de Saco Arce que estamos a analizar é o castelán, mais a pesar diso a súa intención é sempre a de presentar o galego como unha lingua autónoma, reparando principalmente nos trazos máis diferenciais do galego (formas como *ista*, *isa*, o infinitivo conxugado...) e desbotando todo tipo de castelanismos. O propio autor recoñece que colle como modelo o galego de Ourense, ou “galego meridional”, porque é o que mellor coñece e no que máis ten oído falar, mais con todo presenta na súa descrición formas da área que el denomina setentrional

(*man/mao*, por exemplo) sen discriminación. En raras ocasións se declina por unha forma dialectal concreta, e cando o fai cremos que o seu afán diferenciador xoga un papel decisivo (é o caso do pronome persoal *ti/tu*)⁹.

A obra, que destaca pola riqueza de temas e a busca permanente das fontes na propia lingua falada, dispónse nos seguintes cinco capítulos: “Observaciones sobre las letras” (páxinas 13-22), “Lexiología o tratado de las palabras” (22-155), “Sintaxis” (155-223), “Prosodia” (223-226) e “Ortografía” (226-263), precedidos por un “Prólogo” (5-13) e cuns “Apéndices” (263-312) ao final.

Do prólogo podemos extraer tres ideas principais claramente establecidas: pretende promover os estudos filolóxicos, cambiar a mentalidade dos galegos con respecto á súa lingua —contribuíndo con isto a unha mellor imaxe do idioma— e por último homenaxear a Galicia. Para os que poidan pensar que a lingua castelá é o branco das súas iras, advirte que a súa intención non é a de ir en contra do castelán, nin sementar rivalidades, senón fomentar o amor propio entre os galegos. Xustifica a superabundancia de exemplos argumentando que unha lingua que nunca foi estudada require explicacións máis detalladas, e descúlpase por anticipado polos defectos e as inexactitudes que poidan acharse.

A descrición lingüística ocupa 247 páxinas, onde a información aparece dividida en parágrafos e notas ao pé; estas últimas, dirixidas quizais a un público máis culto, compóñense de explicacións máis pormenorizadas, alusións a outras linguas e xustificacións.

La terminación o conserva como en castellano é italiano el género de los masculinos de la segunda declinación latina:es raro en esta parte el idioma provenzal, en el que la desinencia o está reservada para el género femenino. Los en au por regla general se han formado de nombres en o por síncope y contracción:es pues natural que sean masculinos. Mau obedece en el genero á su origen latino.

(Saco Arce 1868: 28)

⁹ “Unha posible xustificación podería intentarse empregando como argumento a procedencia xeográfica dos autores destes textos. Este feito pode explicar, por exemplo, a ausencia de *tu* ou de *il* nas obras dos oriúndos da Galicia occidental. Sen embargo, resulta incomprensible que Saco, un gramático en xeral moi respectuoso coa pluralidade dialectal, e ademais un excelente coñecedor do galego ourensán, non recolla unha forma que aínda hoxe é a solución característica da súa área de procedencia [tu]. A solución dánola o propio Saco no seu traballo “Poesía gallega contemporánea”, onde censura como castelanismo o emprego de *tu* por parte de Pastor Díaz” (González Seoane 1992: 5).

Xa en “Observaciones sobre las letras”, o capítulo que abre a monografía, atopamos a primeira das descrições a destacar. Neste apartado aborda os trazos fonéticos diferenciais do galego, prestando especial importancia ao vocalismo. É moi innovadora a súa visión dos fonemas dun xeito comparativo (*pôla/pòla*) (p. 17), así como o é tamén que sexa capaz de fixarse en formas como *êla/èla* (p. 18) —que para outro serían consideradas “vulgarismos”—, poñelas en valor e estudalas. É mester subliñar que ninguén reparara, en ningún traballo precedente, na metafonía nominal como un trazo propio e suxeito á norma.

Introducíndonos no terreo morfosintáctico atopámonos cos capítulos de “Lexiología o tratado de las palabras” e “Sintaxis” —o primeiro describe as partes da oración e o segundo as relacións entre elas—. Chama a atención dentro da “Lexiología” o apartado “Eufonía”, que consideramos peza crucial do seu traballo. Alí, Saco Arce explica como actúan as vogais en contacto e intenta dar unha explicación aos problemas que existen cando dous fonemas idénticos son diferenciados por leis morfosintácticas (*levo* non se confunde con *lévoo* porque actúan as leis morfosintácticas) e cales son os mecanismos que presenta o galego para evitar o hiato (p. 145-147): elisións, contraccións (*a+o > ó*) e inclusión de consonantes eufónicas (*levaio > levai-n-o*). Tamén utilizaría este mecanismo nos distintos tratamentos do *-n* final. Consideramos unha parte moi importante da súa gramática pola novidade que supuña tratar fenómenos exclusivos na lingua galega e pola calidade do seu estudo. En “Sintaxis”, Saco non se detén describindo nin explicando as leis que operan na relación entre as partes da oración, por seren as mesmas que en castelán, e céntrase só nas diferenzas, como por exemplo a colocación do pronome (enclítica)¹⁰ (p. 161) ou a ausencia de tempos verbais compostos (p.178)¹¹. Dunha maneira insólita e sen prexuízos agrupa os verbos por irregularidades e non alfabeticamente, como se viña facendo ata o momento.

Detense pouco o noso autor na sección de “Prosodia”, á que lle dedica apenas tres páxinas nas que diserta sobre a acentuación e a entoación, contraponéndoa coa do castelán. Na parte de “Ortografía”, ademais de tomar posición en temas como o uso do grafema <x>, inclúe uns apartados sobre os nomes propios galegos (probablemente con

¹⁰ A colocación do pronome é para Saco Arce un dos asuntos máis delicados e á vez característicos do galego. Pensaba que o galego podería contaminarse no léxico, pero nunca na colocación do pronome. Admite a colocación proclítica na poesía, aínda que o considera unha deturpación.

¹¹ Acepta a existencia de tempos compostos en galego, pero aclara que son moito menos frecuentes que en castelán. Describe unha serie deles que nós hoxe consideramos perífrases, por iso dicimos que non admite tempos compostos que proveñan do castelán.

afán de diferencialismo) e os “Subdialectos del gallego”. Neste último apartado establece unha división entre galego meridional e o setentrional, e fai tamén unha comparativa entre ambos centrada no vocalismo (*recebeu/recibíu, este/iste, ese/ise, aquel/aquil*) pero na que non esquece de todo as consoantes (*bô/bon, chan/chau*). A pesar de non teren un importante valor filolóxico¹², estas páxinas que falan do dialectalismo amósannos a percepción do autor acerca do interdialectalismo imperante nas obras literarias escritas durante o Rexurdimento. Saco trazou estas diferenzas atendendo ás poucas composicións que existían en galego e tendo en conta o lugar de procedencia ou residencia dos autores. Coa súa análise deu conta do interdialectalismo, “que no se observan inviolables las diferencias señaladas, y que no es raro hallar, por ejemplo en escritores de Santiago ó la Coruña plurales como *naciós, boletís*, propios del dialecto orensano, y al contrario”. Como xa vimos cando falamos dos obxectivos do Rexurdimento, unha peza clave para o prestixio da lingua galega era demostrar o seu achegamento ao latín, e no subapartado do capítulo “Ortografía” que versa sobre “Diferencias principales entre el gallego y el castellano” (p. 238-259) preténdese afondar nesta idea. Despois de amosarnos cal foi a evolución das dúas linguas que coexisten en Galicia, conclúe que o galego se atopa máis próximo ao latín que o castelán.

Como peche da obra aparecen os “Apéndices”, compostos por refráns e poesías de autores da época, tales como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, José García Mosquera, Eduardo Pondal, Alberto Camino ou Marcial Valladares.

Temos que ter en conta que a *Gramática gallega* despunta con respecto ás obras coetáneas. Por ser obra dun filólogo de formación e gramático de vocación, non podemos equiparar o valor filolóxico desta con ningunha outra obra da mesma temática neste século. Aínda así, todas coinciden en dous feitos: a intención coa que o autor concibe cada unha delas e o estaren redactadas en castelán. O galego só se usou para exemplificar, o que indica a forte diglosia que caracterizou a tradición gramatical galega (Sánchez Rei, 2005: 113). A dependencia do castelán que todas presentan á hora de

¹² Ao respecto deste capítulo fala Santamarina (1982), “Dialectoloxía galega: historia e resultados”, in *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Trèveris*, p.153-187. Tilda de “disparatado esbozo sobre a composición dialectal de Galicia” (p.159) ao apartado “Zonas subdialectales” que ofrece Saco na súa *Gramática gallega* (1868: 231). Apunta unha serie de erros que comete o ourensán á hora de levar a cabo un traballo de dialectoloxía; entre eles está a escolla errada das voces que servirían para trazas unha isoglosa (p.159) ou a fonte da que recolle os datos para o seu estudo. Segundo Santamarina debería ser a variedade oral e non a literaria.

describir a nosa lingua podemos observala no carácter servil que mostra Valladares ou no afán de diferenciación de Saco. Un condena de xeito explícito expresións xenuinamente galegas para dar por boas as regras do idioma oficial (rexeita o infinitivo conxugado, a gheada etc.), e o outro, no seu esforzo por presentar o galego como unha lingua autónoma, céntrase nos elementos máis diverxentes entre as dúas linguas amosando, da mesma maneira, unha dependencia implícita.

Si, pues, el latino escribe v.g. *justicia*, el castellano *justicia* [...], ¿por qué lo hemos de hacer con *x* los gallegos y no procurar la uniformidad en la escritura de lo vocablos? Nada de innovaciones, dirán algunos. ¿No fue la Real Academia la primera que innovó? ¿No está innovando a cada paso?

Ma, me, mi, mo, mu y el silabeo del resto de consonantes como en castellanos, excepto la *x*.

(Valladares 1892: 20)

El origen latino de nuestros adjetivos *iste, ise* (que vienen de *ipse*) es fácil de conocer. El plural masculino de estos adjetivos es mas regular en gallego que en castellano, el cual cambia en *o* la *e* del singular. El antiguo castellano tambien decia *mesmo*.

(Saco Arce 1868: 59)

Saco (1868: VIII) expresa claramente que a súa intención é a de crear unha gramática útil para os falantes, pero que tamén constituía unha homenaxe a Galicia e sirva para prestixiar a lingua e recuperar o amor propio como pobo. Mirás, pola súa banda, non é tan explícito nin alude a un afán patriótico, como podemos ler no prólogo do seu *Compendio*, mais temos que dicir que nas “Advertencias” fai unhas declaracións animando ao estudo da lingua, mentres a globalización non faga que se unifiquen todos os dialectos:

Como en Galicia cuyas ferias son tan concurridas, sucede que muchos al oír hablar a un labriego no le pueden entender [...] nos hemos determinado á dar á luz a fin de que puedan comprenderse este idioma [...] mientras no llegue un tiempo en que la civilización que allana las mayores dificultades, nos haga así como formamos una sola nación, también de un mismo lenguaje.

(Francisco Mirás 1864: Prólogo)

Juan Antonio Saco Arce, Francisco Mirás, Juan Cuveiro Piñol e Marcial Valladares procuraron o prestixio para o idioma galego a través dos seus estudos gramaticais. A pesar de que a vontade inicial destes autores ía encamiñada cara á creación dun galego común que superase as barreiras do dialectalismo, o certo é que finalmente isto quedou

nun segundo plano e o que conseguiron foi instituír un molde o suficientemente flexible para que nel tivera cabida a realidade lingüística plural de Galicia (Ernesto González Seoane 1994: 7). Todos empregan a mesma estratexia á hora de dotar de maior prestixio o “dialecto galego”, incidindo na proximidade da nosa lingua ao latín, e todos coinciden en que o seu traballo é “una contribución a la regeneración de la patria”, (Cuveiro 1868: Prólogo).

Con respecto ao modelo de lingua utilizada en cada una delas, Mirás serviuse da fala santiaguesa con seseo e gheada, e Valladares pretende basearse en escritos da época desbotando calquera trazo dialectal, pois considéraos “vulgarismos” —en clara oposición á postura adoptada por Saco de non poñer nada na súa gramática que el non tivese escoitado antes de boca dalgún “rústico”—. Por iso dicimos que non conseguiron acadar o seu obxectivo de unificación do idioma: cada un adopta un modelo de lingua diferente con máis ou menos tolerancia ao castelanismo. Valladares di opoñerse ao uso de castelanismos; porén, a súa gramática esta chea deles e baséase asemade no modelo de corrección do castelán. Mirás, pola súa banda, parte do traballo de Sobreira e dunha gramática castelá para desenvolver a súa obra, polo que o resultado é un texto inzado de castelanismos, uns que copia tal cal de Sobreira (*eres, sea*) e outros de carácter léxico (como *lexos, vosté*). Cuveiro, no seu afán por presentar ao lado de cada forma castelá unha correspondencia galega, forza traducións, como no caso dos tempos compostos (*haberei sido* ou *haiga sido* p. 24); e en cambio, se hai un autor que tivese moi pouca tolerancia ao castelanismo ese é Saco. Así, vemos que condena o uso de formas como *conexo* (Mariño Paz 1998: 394).

A ortografía foi outro terreo espiñento no século XIX e os nosos autores, non alleos ás polémicas xurdidas neste eido, van adoptar nas súas gramáticas modelos ortográficos opostos. Cuveiro e Valladares son partidarios dunha ortografía castelanista e etimoloxista¹³ (grafías <j>, <g>, <x>), mentres que Mirás e Saco adoptan unha grafía simplificadora (<x> en todos os casos). Ningún deles afonda demasiado noutros trazos ortográficos, por crer que a nosa ortografía semellaría moito á do castelán, mais

¹³ Os etimoloxistas defendían a utilización dos grafemas <j> , <g> segundo correspondese coa forma castelá. Nos casos nos que non existise tal correspondencia e se tratase dunha forma xenuinamente galega recorrerían ao <x>.

podemos facer mención á acentuación diacrítica que propón Valladares para diferenciar as vogais /e/ e /o/ segundo o seu grao de abertura¹⁴.

No contido e na calidade hai un abismo entre a obra de Saco e as demais, sendo esta a máis completa, detallada e rigorosa e ao mesmo tempo a que produciu un maior e máis duradeiro impacto na sociedade. Nunha simple análise cuantitativa achamos que o *Compendio* de Mirás contén unicamente 28 páxinas de descrición morfolóxica, *El habla gallega* de Cuveiro 38 e, malia que *Elementos de gramática gallega* de Valladares é superior a estas dúas (99 páxinas), non chega a igualar a de Saco con 213.

Polo tanto, e como resumo, podemos concluír que o contexto dos estudos lingüísticos peninsulares é moi diverso, e non podemos falar de paralelismo da tradición gramatical galega coa española nin equiparar as obras nadas nun proceso de recuperación coas que se dan nunha lingua totalmente normalizada e prestixiada, como é o castelán. Este contexto de rexeneración vai ser aquel no que sae á luz a peza gramatical galega máis valiosa do século XIX, a *Gramática gallega*, obra dun valedor do pobo galego e importantísimo filólogo ourensán, Juan Antonio Saco Arce. Esta gramática, a máis completa e acertada de todas as que saíron ao prelo nesa altura, vai ser obra de referencia durante case cen anos para quen pretendesen achegarse ao estudo da lingua galega.

2.3. Estudoso da poesía popular

En 1775 o padre Sarmiento dá a coñecer un libro seu fundamental na historia dos estudos do folclore galego, *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, mais o seu labor non se ve continuado ata que autores como Saco Arce e Milá i Fontanals comezan a recompilar e poñer en valor as composicións da literatura popular de Galicia.

Sabemos pola súa obra gramatical que Saco era un gran defensor e admirador da fala popular, así como da cultura e a sabedoría que esta entrañaba nas súas coplas e refráns. Por boca de biógrafos seus, como Pedret Casado (1935, Nós: 41), tamén coñecemos que a morte o sorprendeu en 1881 cando estaba preparando a edición dunha obra escrita con moito esmero e dedicación. Tratábase de *Literatura popular de Galicia: colección de*

¹⁴ Para as vogais abertas propón o acento agudo (ó, é), e para as pechadas (ò, è). No caso de tratarse dunha contracción, levaría igualmente o acento agudo (á, ó).

coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos, unha recolleita que tivo que agardar ao ano 1987 para ver a luz como obra completa, data en que é publicada pola Deputación Provincial de Ourense, a petición de José Luis Saco Cid, herdeiro de Saco Arce encargado de recompilar, ordenar e transcribir o que o filólogo ourensán deixara manuscrito. Os pregos estiveron perdidos moito tempo ata que Marquina Álvarez —membro da Comisión de Monumentos Artísticos de Ourense—, sobre o ano 1900, atopa por casualidade unha parte da obra, corrixida e xa impresa, na que fora a imprenta de Gregorio Rionegro, e que ninguén reclamara despois da súa morte. Ao ser un material inédito dunha importante figura ourensá, comeza a publicarse no “Boletín oficial de la comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense” de xeito ininterrompido entre 1910 e 1914 (números 76-98). Sabían que o que levaban divulgado era só unha fracción da extensa obra, pois parte dela conservábana manuscrita familiares do finado; o citado Marquina consegue as cuartillas que lle ceden os familiares, e o “Boletín” continúa a publicar, ata 1924 (números 98-158), eses textos que ata daquela se mantiveran inéditos. A pesar de recompoñer unha grande parte da obra, non foi descuberta na súa totalidade: así, detéctase unha lagoa ao comparar a numeración que o propio autor fixo das coplas coas páxinas publicadas (non aparecen as páxinas 113-128 e 481-554 segundo a distribución orixinal).

Aclarado o punto da procedencia dos manuscritos, e tendo en conta que imos analizar unha obra incompleta, editada e publicada postumamente seguindo o máximo posible o criterio do autor, poderemos centrarnos só dun xeito aproximado na datación das recolleitas feitas por Saco e a súa análise. Non sabemos con certeza o ano no que comezaron os seus estudos de literatura popular, mais podemos intuilo tendo en conta dous detalles: Milá i Fontanals¹⁵ publica en 1877 un libro coa mesma finalidade e temática que o de Saco, e nel reconece a colaboración do ourensán para a súa redacción (consistente na achega de coplas, romances, muiñeiras e panxoliñas da súa zona), o que nos indica que, xa antes da data de publicación desta monografía, el xa iniciara o seu labor de recolleita. Por outra banda, no ano 1879 posiblemente seguise a traballar neste eido: así nolo demostra unha carta de Ballesteros atopada entre os seus efectos persoais, na que lle comunica o envío de 28 coplas, que por desgraza non se conservan xunto coa

¹⁵ Milá i Fontanals (1877: 47) enaltece a Saco e dá conta das coplas que este lle enviara, recollidas na zona de Ourense.

misiva¹⁶. Posiblemente a redacción do libro comezou antes de 1877, cando xa debería ter un bo feixe de exemplos recollidos.

Que poidamos encadrar a redacción desta obra nos primeiros momentos do renacer da literatura galega non fai máis que confirmarnos o carácter precursor da figura de Saco e o interese que lle suscitou dende un primeiro momento e dun xeito continuado a cultura popular, como base sobre a que construír un discurso literario galego propio.

O libro, conforme o pensara o autor (e non como está editado en 1987), está dividido en tres partes, encabezadas por unha introdución, unha advertencia ortográfica —que nunca foi atopada entre os manuscritos pero figura no índice que el mesmo escribiu— e un catálogo dos lugares en que foron recollidos os textos. A introdución, igual que o prólogo de *Gramática gallega*, constitúe unha defensa da identidade propia en contra da “absorción de las naciones sobre las provincias” (1987: 45) e mais unha exaltación do pobo galego. Metido no papel de investigador, equipara o conto do noso país ao do resto de culturas europeas, pretendendo confeccionar un traballo semellante ao que xa fixeran Durán, Aguiló, Milá ou Teófilo Braga na península ibérica, que reunise os tesouros da literatura popular. Os actos sociais, tales como as foliadas, os fiadeiros, os cantos de Reis ou a festa dos Maios, son as ocasións onde as mostras que Saco recolle cobran vida, e fan que sigan vixentes no ambiente distendido das festas populares.

Na “Primera parte”, Saco Arce reuniu todas as composicións en verso (coplas, cantigas, panxoliñas e romances) e foinas clasificando por métrica e temática. Como ben observou o noso autor, a poesía popular preséntase maioritariamente en coplas octosílabas, pero tamén existen tercetos, romances e muiñeiras de versos libres. A temática é tamén variada, e por iso decide etiquetar as composicións como relixiosas e morais, amorias, sentimentais, festivas e satíricas e locais, e mais unha última categoría que denominou “Varias” onde inclúe os versos que non puido encadrar cos temas anteriores. Advírtese tamén na lírica popular aquí publicada a existencia de coplas castelás, que segundo o autor (1981: 38) estaban a substituír as galegas, aínda que estas se atopan en maioría.

As crenzas e supersticións instaladas na sociedade galega fan que as meigas e a Santa Compañía sexan elementos fundamentais dos contos populares. O segundo bloque de textos compóñeno precisamente estas narracións, que, a ollos do autor, non son moi

¹⁶ Estes datos son achegados polos familiares de Saco en Saco Arce 1981: 22.

diferentes das das outras tradicións europeas. Observa Saco un paralelismo sobre todo no tocante aos personaxes (1987: 239); por exemplo, o lobo e o demo aparecen en toda Europa na Idade Media como figuras ridiculizadas que pretenden enganar ou atemorizar o ser humano, e no conto galego xogan tamén un papel importante. Curiosamente todos os relatos aparecen en castelán, exceptuando algunhas das rimas que conteñen en lingua galega. É probable que fosen traducidos polo propio autor: se, como el di, a súa fonte é a fala popular, parécenos estraño que recollera do pobo todas as versións nunha lingua que non era a súa de xeito habitual.

Neste punto decatámonos da importante lagoa que existiu no galego do século XIX con respecto á narrativa. Para Saco, a poesía merecía ser publicada e conservada na lingua na que fora creada, o galego, mais a prosa, ao non ser un xénero especialmente popular no Rexurdimento, non tivo a mesma sorte e non foi ata a seguinte etapa, a das Irmandades, cando imos asistir a un “renacer” deste xénero esquecido. Así, neste libro, recompilado antes de 1877, o autor ve a necesidade de transmitir a sabedoría popular que encerra o conto, pero non presta atención á parte lingüística nin á transmisión da lingua oral no relato.

Como peche, o libro presenta o que Saco considera “tesouro da filosofía popular” (1987: 303), os refráns. Aparecen clasificados en “refranes morales”, “de economía”, “astronomía”, “gastronomía”, “agricultura” e por último “refranes locais”. Sorprende que os encaixe en bloques case todos relacionados coa ciencia, pero Saco ten unha explicación para isto: “La sola circunstancia de andar estas sentencias en los labios de todos [...] acredita su importancia y valor científico, pudiendo mirarse como la expresión más genuina del criterio y del saber colectivo de un pueblo o nación” (Saco Arce, 1987: 303).

Que supuxo esta obra no seu contexto? Milá i Fontanals publica en 1877 por primeira vez en Galicia un libro de cantigas cun estudo sobre o tema, e no ano 1884 fúndase *Asociación del folklore gallego*, presidida por Pardo Bazán. A obra de Saco en cuestión aparece xusto no medio destes dous feitos, polo que constitúe un dos primeiros pasos para o estudo da cultura popular galega. Para o movemento de recuperación iniciado en 1840 non tivo influencia inmediata, por non ser publicada no momento da súa creación, mais para os que hoxe estudan este período e tratan de describir o fenómeno que supuxo o cambio de mentalidade no século XIX é de moita utilidade. Primeiro, por amosarnos o

interese que os intelectuais da época mostraban por todo o relacionado coa cultura popular; segundo, por ser unha extensa mostra da lingua e os costumes da época; e terceiro, por proporcionarnos datos para completar o perfil dunha das figuras máis importantes do Rexurdimento, Saco Arce, que non só despuntou como gramático senón que foi un home polifacético.

2.4. Articulista sobre temas lingüísticos e literarios¹⁷

Ata a chegada en 1876 de *O Tío Marcos da Portela*¹⁸ non existía en Galicia ningún xornal escrito integramente en galego. Isto non quere dicir que outras publicacións non tratasen con anterioridade o tema da situación que estaba a atravesar a lingua: o certo é que moitos intelectuais xa tiñan feito pública a súa opinión con respecto á lingua noutros xornais de tendencia progresista. Por medio da prensa, autores como Saco Arce puideron amosar as súas inquietudes e traballos a un grupo amplo da sociedade galega, inqedanzas e obras que, de non ser por estes medios, nunca terían visto a luz. O ourensán foi un asiduo colaborador de revistas como *El Heraldo Gallego*¹⁹ e *Revista de Galicia*²⁰, así como inspirador ideolóxico de *La Nacionalidad*²¹. Segundo Otero Pedrayo, o noso autor foi un “ensayista de profundo contenido aún en breves escritos de periódicos” (1943: 114).

Temos constancia de catro artigos asinados por Saco que fosen publicados. Son moi valiosos para a finalidade do noso estudo, xa que nos ofrecen unha nova visión da figura do autor. Neses textos, afonda sobre temas que xa presentara no prólogo de *Gramática gallega* acerca da situación do galego. Deste xeito, en “El habla gallega ¿Es lengua, idioma o dialecto?” define a nosa lingua como nunca antes se fixera, outorgándolle o estatuto de idioma. Un idioma que, segundo el, debía conservar a pureza na fala e na escrita. Por iso en “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes” dá unha serie de instrucións co fin de que non se deturpe a esencia do galego nos textos literarios. Unha vez que a utilización da lingua propia de Galicia non sexa un problema para os creadores, a literatura debería estar en consonancia e á altura do resto de

¹⁷ As referencias bibliográficas completas de cada artigo atópanse na sección final deste Traballo de Fin de Grao, no apartado “Bibliografía”.

¹⁸ A primeira publicación monolingüe en galego foi editada por Valentín Lamas Carvajal en Ourense no ano 1876.

¹⁹ Publicación periódica fundada e dirixida por Lamas Carvajal, editada por primeira vez en 1874 en Ourense.

²⁰ Dirixida por Emilia Pardo Bazán.

²¹ Xornal que arrinca a súa andaina en 1870 cunha liña editorial católico-monárquica.

tradicións europeas. Así en “De los cuentos populares” trata a orixe deste tipo de narracións e ponas en relación coas literaturas do resto de Europa.

No ano 1876 aparecen “El habla gallega ¿Es lengua, idioma o dialecto” e “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, ambos publicados en *El Heraldo Gallego*. O primeiro é a reprodución da resposta que escribe Saco a unha carta dun compañeiro aragonés, onde lle pregunta o mesmo que reflicte o título: que é a fala galega? Saco responde cualificando por primeira vez o galego de idioma. O segundo constitúe un estudo sobre a literatura e a relación que garda esta coa lingua.

“Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes” publicouse en tres entregas en *El Heraldo Gallego*. Na primeira entrega Saco Arce ofrécenos unha análise da situación sociolingüística daqueles intres: o galego estaba desaparecendo dos usos sociais da xente que se consideraba letrada, xaora en favor do castelán. Teme o presbítero que a este ritmo o rural será o único lugar onde poida oírse este idioma. Na segunda entrega, céntrase no traballo dos que están a construír unha literatura de noso. A pesar de considerar que non existe unha figura referente, como pode ser Camões na literatura portuguesa, cre que as novas promesas están a facer un labor moi necesario para a dignificación do idioma. Dende a admiración que lles profesa a estes novos poetas galegos, Saco decide facer unha valoración un tanto crítica amosando algúns defectos comúns a todos eles, froito da pouca facilidade que teñen para manexar o idioma dun xeito espontáneo e elegante. En definitiva, o artigo é máis ben un anuncio da lingua que el vai utilizar en *Poesías* dous anos despois e tamén unha advertencia para que o galego escrito sexa coidado segundo os seus canons; do contrario, o galego puro tenderá a desaparecer.

“El habla gallega ¿Es lenguaje, idioma o dialecto?” constitúe unha carta en resposta a un compañeiro de Aragón que lle escribe preguntándolle cal é a súa opinión acerca de como debemos considerar o galego, isto é, se é unha lingua, un idioma ou un dialecto. Para Saco, a fala das catro provincias galegas era lingua, por ser un sistema completo de palabras e frases co que se expresan os habitantes dun territorio; era idioma, considerando aquilo que o caracteriza e distingue do resto das linguas, o que a fai única na súa pronuncia, os seus xiros e as súas desinencias; e era tamén dialecto, mais non do castelán, senón desa idea abstracta de *idioma español* que existía na Península. Chámanos a atención a capacidade que ten o gramático para definir o galego como

lingua e idioma nun momento no que todas as linguas do Estado español, exceptuando o castelán, eran consideradas dialectos e deturpacións deste último. O autor foi quen de elevar á condición de lingua propia de Galicia o que outros consideraban dialecto.

En 1880 publícase o último artigo en vida do mestre ourensán, onde nos demostra, unha vez máis, ser un home con moitas facetas e tremendamente culto. “De los cuentos populares” viu a luz na *Revista de Galicia*. Co fin de poñer en valor as narracións populares galegas, Saco fai unha comparativa entre estas e o resto de tradicións europeas. Resúltanos moi interesante o formado que estaba sobre este tema e o coñecemento que amosa cando describe as obras de Andersen ou a colección Grimm. Céntrase na temática, recorrente en todas as culturas, e na universalidade deste tipo de narracións.

Mención á parte merece o artigo “O idioma gallego”, publicado en 1936 en Cuba, na revista *Cultura Gallega*. O primeiro que nos chama a atención é que estea escrito en galego e que fose publicado postumamente, polo que pensamos que pode tratarse dunha tradución do texto orixinal —Saco non utilizou nunca o galego neste tipo de redaccións, só fixo uso del na poesía—. Alén diso, identificamos moitas das percepcións sobre a lingua que Saco defendeu en vida. Este artigo incide na unión entre o amor pola patria e a dignidade lingüística. Decatámonos, segundo avanzamos na lectura, de que se trata dun extracto do prólogo que o noso autor redacta para o libro de Pérez Ballesteros. Non cabe dúbida de que estamos a ler unha sorte de manifesto en prol do idioma galego e a reafirmación como pobo, malia que non foi creado para constituír un artigo.

Parécenos apropiado falar nesta altura, xa que logo, deste prólogo de *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellana de sus principales voces* de Pérez Ballesteros (1878). Ademais de ser a fonte para “O idioma gallego”, tamén versa sobre temas moi de actualidade na época na que o Rexurdimento se estaba a consolidar. A eterna comparanza entre a mala situación do idioma galego e o exemplo de loita catalán é a protagonista deste texto, xunto coa necesidade do idioma galego de acadar o prestixio que lle corresponde. Unha meta esta última que debe comezar pola mera aceptación do noso idioma, deixando de lado o complexo de inferioridade que define o comportamento dos falantes con respecto á lingua. Nestas liñas tamén pretende motivar o cultivo da literatura na lingua propia, tomando como referencia o que ocorreu na Reinaxença catalá.

2.5. Poeta

O século XIX foi en toda a península ibérica unha etapa de esplendor literario, e a poesía foi, sobre todo, o xénero que máis sobresaíu. A literatura española vivía o auxe do realismo e o romanticismo, representado por autores como Zorilla, Bécquer ou a propia Rosalía. A mesma sorte corría a literatura en lingua portuguesa, cun movemento case equiparable ao español en canto a temáticas e cronoloxía, iniciado por Almeida Garret. Pola contra, o caso galego garda maiores similitudes co que ocorreu co idioma catalán. Estas dúas linguas sen Estado víronse influídas pola efervescencia dos nacionalismos, fundamente ligados á creación literaria e encargados de poñer en marcha iniciativas para o fomento da poesía no idioma propio, como por exemplo os Xogos Florais. En Galicia, o xénero vai estar representado por tres figuras fundamentais: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez. Este trespés do Rexurdimento galego serve de apoio e referencia para a literatura ulterior.

Demostrándonos, unha vez máis, estar en contacto cos movementos culturais que o rodeaban, Saco Arce reconece o talento destes novos autores incluíndo os seus traballos na *Gramática gallega*. Isto é un síntoma inequívoco de que os postulados provincialistas callaron no xeito que tiña Saco de entender o país: o ourensán coincide plenamente na idea de que a creación dunha literatura de noso é o primeiro paso cara á dignificación, a normalización e a elevación do galego ao status de lingua de cultura.

A narrativa en galego non tivo un gran desenvolvemento nesta etapa, pero a lírica foi sen dúbida o xénero representativo do século XIX e no que os autores verteron toda a súa afección creativa. Saco, admirador e defensor deste xénero a partes iguais, non destacou principalmente como poeta nin hoxe é recoñecido polo seu traballo nesta esfera, mais é de xustiza facer mención ás achegas divulgadas en publicacións periódicas, como a *Revista de Galicia* de Emilia Pardo Bazán, na que aparece o poema “Meniño do ceo”, ou na recompilación *Os ríos pasan cheos de Deus* feita por Victorino Pérez Prieto, onde se recollen “Arrepentimento”, “Non podó dicirche non”, “Don á Virxe María”, “María, flor de primavera” e “Recuerdos”, todos eles de temática relixiosa. Pero sobre todo o noso autor deixou constancia do seu carácter creativo nun único libro publicado en 1878, *Poesías de don Juan Antonio Saco y Arce*, onde incluía 76 poemas en castelán e 9 en galego cunha predominancia de temática mística. A obra preséntase dividida en tres partes: “Poesías varias”, “Poesías místicas” e “Poesías

gallegas”. A primeira delas contén poemas exclusivamente en castelán, datados todos eles entre os anos 1855 e 1858 e asinados en Santiago, Alongos e Pontevedra. Algunhas destas composicións están dedicadas a familiares —a seus pais “El amor paterno” ou “La violeta” e a seu irmán Julio “El otoño”, por exemplo—, outras a amigos —a Lamas Carvajal vai dirixido “Una noche en la aldea”— e tamén a xente que admiraba —cando falece José Rodríguez Seoane escribe “En la muerte”—. Os temas que trata son variados, e van dende o cariño que lle esperta o recordo de súa nai ata a pura descrición de paisaxes, pasando polo ton elexíaco nalgún momento, pero sempre baixo unha aura de relixiosidade. A segunda parte, que intitulou “Poesías místicas”, contén, como era de esperar —e debido ás súas crenzas—, un bo número de poesías de carácter relixioso, nas que os protagonistas son principalmente a Virxe e o seu fillo Xesús. Todas as composicións están datadas antes do ano 1870, e nelas utiliza o verso alexandrino, exceptuando as traducións que fai do latín (onde prefire o hendecasílabo alternando con versos heptasílabos en estrofas de catro a seis versos). Como peche desta extensa obra recolle baixo o título de “Poesías gallegas” nove composicións galegas, das que tres son traducións do latín. Entendemos que ao estaren datadas nos mesmos anos que as que están escritas en castelán a conciencia de Saco sobre o idioma e a necesidade dunha literatura é temperá, pois xa viña escribindo en galego dende 1855. Curiosamente o poema “A primaveira” ten no mesmo libro unha tradución ao castelán, mais segundo reconece o autor a pé de páxina a primeira en nacer foi a versión galega, da que partiu para a tradución. Indícanos isto, xunto coas traducións que fai do latín directamente ao galego, a falta de prexuízos que caracteriza a un autor que non tivo reparos en escribir sobre calquera tema en lingua galega, dotándoa así da utilidade que el cría que debería ter calquera idioma.

O libro de poesías de Saco é importante pola repercusión que tivo na prensa, e, aínda que os críticos non o valoren literariamente, si aprecian positivamente que o escribise en galego. En troques, a propia Pardo Bazán critica o feito de que Saco fixese poesía en galego porque consideraba que esta lingua non era apropiada para falar de temas como a relixión. Aínda así, reconece que imita ben o estilo de frei Luis de León:

No ocultaré tampoco cuan infructuosas, aunque loables, me parecen las tentativas de desarrollar temas abstractos y de las gigantescas proporciones del salmo *Missere* en el dialecto gallego, más a propósito para la nota concreta, viva, pintoresca, sentida a veces y natural siempre, y popular, en suma.

Muchas condiciones avaloran el nuevo retoño: corrección de lenguaje, extremada pulcritud y esmero en el vaciado de la idea, buen sentido en la elección de las imágenes, alma y calor en la expresión de las carencias

Emilia Pardo Bazán (1878: 286)

Non ía desencamiñada Emilia Pardo Bazán con esta comparación, xa que observamos moitos trazos de estilo semellantes entre os dous poetas, salvando as distancias. Os consellos morais que aparecen baixo as rimas de Saco son tamén característicos do poeta español do século XVI, así como os cantos á Virxe. Porén, sobre todo destacan as reflexións sobre a fugacidade da vida mundana e a esperanza no mundo divino que envolven a creación poética do ourensán, probablemente influído pola filosofía e a lectura da obra de frei Luis de León.

Virgen, que el sol más pura / gloria de los mortales, luz del cielo / en quien la piedad es cual
alteza: / los ojos vuelve al suelo y mira un miserable en cárcel dura / cercado de tinieblas y
tristeza.

(Frei Luis de León, 1580: XXI)

Nai diviñal / nai querida, / qu'en trono d'ardente lume / d'o ceyo reinas n-o cume / ond'o fillo
d'a tua vida, / ¿Quen coma ti? N-a tua frente / brila d'estrelas coroa, / que froia sin fin pregoa / e
maxestá prepotente.

(Saco Arce 1878: 26)

En definitiva, a creación poética de Saco Arce non constitúe unha peza fundamental no Rexurdimento nin na historia da literatura galega²², mais temos que poñer en valor o pronto interese deste autor por facer literatura en galego, así como o feito de que pretendese crear un xénero relixioso inédito na nosa literatura, ao modo de grandes poetas españois.

2.6. Estudoso do refraneiro.

Nos nosos días sería case anecdótico que alguén incluíse nun tratado sobre gramática un listado de refráns. Non obstante, en pleno século XIX a necesidade dos autores de

²² Despois de consultarmos os manuais dispoñibles sobre a historia da literatura galega, é significativo que en ningún deles se fai mención á faceta de poeta de Saco nin aparece *Poesías* (1878) na relación de obras do Rexurdimento. Isto pode deberse a que, a pesar de estar publicada en plena efervescencia do movemento de recuperación literaria, non recollía os seus postulados nin se achegaba á calidade doutras obras de coetáneos, como podían ser as de Rosalía, Pondal ou Curros. A iso temos que sumar que as poucas poesías que publicou Saco en galego foron incluídas nun libro de poemas en castelán, e a aparición destas composicións podería considerarse un feito anecdótico para os historiadores.

presentar a galega como unha cultura ben diferenciada da do resto do Estado fixo que estas sentenzas breves que formaban parte do acervo cultural cobrasen interese e fosen acollidas neste tipo de obras.

Desta maneira, nos estudos gramaticais galegos publicados no século XIX foi moi frecuente a aparición de apéndices con poemas, citas ou refráns. Murguía e Valladares inclúenos en obras como *Historia de Galicia* e *Diccionario gallego-castellano*, respectivamente. Saco, en concreto, e tal e como viñemos sinalando, presta moita atención aos refráns e á poesía popular durante a súa traxectoria vital e investigadora. Nestas citas recollidas do seu libro póstumo amosa a súa admiración por estas expresións e o motivo de que estean recollidas na súa gramática e no seu libro de poesías:

La sola circunstancia de andar estas sentencias en los labios de todos [...] acredita su importancia y valor científico, pudiendo mirarse como la expresión más genuina del criterio y del saber colectivo.

Los adagios o refranes no son solamente ciencia, son también poesía, ya por la forma rítmica [...], ya por las brillantes y originales imágenes con que generalmente engalanan el concepto sentencioso que encierran.

(Saco Arce 1986: 303)

A primeira recompilación coñecida de Saco sobre o refraneiro popular galego aparece publicada por orde alfabética na súa *Gramática gallega* (1868). Tratábase de 580 proverbios, dos que 156 son tomados da *Historia de Galicia* de Murguía. É interesante para el recoller todas estas expresións da fala popular, porque entende que aí é onde se agocha todo o coñecemento dun pobo e ademais é onde a lingua se presenta máis pura²³. Ata a publicación en 1986 de *Literatura popular de Galicia* (obra que o presbítero estaba preparando antes da súa morte en 1881) non había constancia de máis referencias ao refraneiro por parte do ourensán, pero nesta peza xogan un papel protagonista. O libro está dividido en tres partes, e os refráns son o tema sobre o que versa a terceira. En total aparecen 1050 refráns recollidos “a viva voz” nas provincias de Ourense e Pontevedra, a excepción de 120 deles, antiqúisimos, que copia de Hernán Nuñez de Guzmán (1555). A novidade con respecto aos recollidos no apéndice da gramática é que

²³ Para Saco, a busca da lingua galega sen corromper vai ser un contínuum durante toda a súa traxectoria como estudoso. Xa o mencionara no prólogo súa gramática e volve incidir nesta idea cando publica *Literatura popular de Galicia*.

neste caso son o obxecto principal da publicación, xunto coas coplas e os contos, e non constitúen anexos, como acontecía na *Gramática gallega*. Ademais de ordenados alfabeticamente están tamén clasificados por temática (sobre moral, gastronomía, economía, astronomía, agricultura e de carácter local), aínda que algúns deles non poida encadralos en ningunha categoría e estean todos recollidos baixo o lema “Refranes varios”. Como estudoso da literatura popular fai unha análise e reflexión sobre o seu uso, remontando a súa creación á cultura grecolatina da que aínda se conservan algúns, e salientando que son un reflexo claro dos costumes e o carácter dos pobos.

3. A contribución de Saco Arce ao Rexurdimento

Resulta evidente, logo de facer un percorrido pola traxectoria de Saco Arce, a enorme influencia que tivo este intelectual no proceso de recuperación da lingua e a literatura galegas. Temos que definilo como un axente necesario do Rexurdimento.

Murguía, xunto con Lamas Carvajal, Seoane e os irmáns De la Iglesia e Valladares, entre outros, adoitan recoñecerse como principais instigadores do movemento xurdido no século XIX que pretendía a dignificación do idioma e do país. Sendo honestos, cremos que os esforzos destas figuras por levar a cabo tal cometido deberon ser enormes, e é de xustiza recoñecer o seu traballo sumado ao do provincialismo, principal motor ideolóxico do Rexurdimento. Non obstante, rara vez é mencionada nestes recoñecementos a figura de Juan Antonio Saco Arce, quen estivo en contacto constante cos anteriormente mencionados e tivo unha inmensa implicación no movemento. Como xa mencionamos ao longo do presente traballo, os intelectuais impulsores do Rexurdimento galego non eran un grupo organizado cunhas estratexias definidas cara a un obxectivo, pero aínda así podemos falar de que existiu un ambiente favorable para a reivindicación da singularidade de Galicia que uniu o pensamento e as forzas de todos.

Hai varios feitos puntuais que demostrarían a interacción de Saco coas figuras máis destacadas deste período. En primeiro lugar, existe correspondencia entre Saco e Murguía, publicada no *Boletín*, unhas cartas nas que falan de temas moi de actualidade naquela altura²⁴. En segundo lugar, sendo de Ourense, unha cidade tan vinculada aos movementos galeguistas, énos difícil de crer que non asistise a un famoso parladoiro

²⁴ Foron publicadas por Benito Varela Jácome no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* (T.17, 1951: 237-243).

desta localidade na tenda dun tal Cibeira²⁵, ao que acudía xente da elite cultural vilega para falar de temas como os Xogos Florais.

Se a constante interacción cos precursores do Rexurdimento non fose suficiente motivo para ter en conta o noso autor, diremos que foi un intelectual brillantísimo, polifacético e creador dunha obra fundadora, situada ao nivel de *Cantares gallegos* de Rosalía: a *Gramática gallega*. Admirado polos seus coetáneos —“la gramática de Saco Arce, si bien honra muchísimo a su malogrado autor, si bien excelente como libro de consulta [...]” (Valladares 1982: 9)— e por estudiosos da actualidade —“Saco poseía más talento gramatical que Valladares. Realmente Valladares era solo un gramático aficionado frente al profesional Saco” (Santamarina 1974: 193)—, é o máis reputado gramático da lingua galega durante os cen anos que seguen á súa obra.

Considerado por moitos como o fundador da lingüística moderna galega, uniu ademais as reivindicacións lingüísticas coas políticas: “nada contribuye tan eficazmente á mantener vivo el carácter nacional, á fortalecer el espíritu de independencia y á estrechar los vinculos de raza, como el amor que se profesa al patrio idioma” (Saco Arce 1878: XI), marcando así como obxectivo a reivindicación do uso e o cultivo do galego escrito para afastalo do desprestixio social que estaba a sufrir. Dende unha perspectiva claramente innovadora presentou a literatura como movemento imprescindible para o progreso do país, e talvez por iso moitos autores víronse apoiados por unha figura intelectual do seu calibre para comezar a súa andaina no mundo literario, por ese “indudable cierto afán de despertar a Galicia del prolongado letargo en que yace. A la poesía se debe principalmente esta gloria” (Saco Arce 1878: 3).

Con isto podemos concluír que a contribución de Saco ao Rexurdimento foi algo máis que a súa famosa gramática. Foi un intelectual moi formado, que se preocupou polo idioma, participou activamente no proceso para a súa recuperación e cultivou todo os eidos aos que puido acceder o galego escrito. Firmou artigos de distintas temáticas, poesías en galego de ton relixioso, creou a primeira gramática como tal da nosa lingua e por suposto foi un axente activo e indispensable para entender o renacer da cultura galega.

²⁵ O investigador Xurxo Martínez achega a información sobre o parladoiro ourensán no acto *Homenaxe da Real Academia Galega a Juan Antonio Saco Arce*, celebrado o 22 de novembro de 2018.

Anexos

Anexo 1

Saco Arce, Juan Antonio (1878): “Prólogo” in Pérez Ballesteros, José (1878), *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellana de sus principales voces*. Madrid: P. Calleja y compañía, 7-13.

Lamentábase, no ha muchos años, un reputado y catedrático de la Universidad Central, del entusiasmo cada vez más ardiente con que los catalanes se afanaban por la restauración de su provincial literatura. Parecíale digno de lástima que poetas tan notables como Rubió, Bofarull, Balaguer y otros, consumiesen estérilmente sus esfuerzos en esta empresa, ya que, por más que hiciesen, no era posible renovar la tradición de su Siglo de Oro, no habiendo existido nunca entre los catalanes un arte original propiamente dicho, sino más bien imitaciones de extrañas literaturas. A pesar de los lamentos del crítico madrileño, siguen aquellos poetas cultivando con noble tesón la lengua de sus antepasados, que no sólo sirve de instrumento á los tiernos cantos de la poesía lírica, sino que invade el teatro, oyendo el pueblo del Llobregat hablar en su nativa lengua á los héroes de su historia. Sus Juegos Florales se suceden con pasmosa frecuencia, siendo agradable estímulo para despertar la actividad de los hijos del Principado.

Análoga restauración se viene verificando, hace años, aunque en ménos escala, y con interrupciones, en las fértiles provincias regadas por las apacibles corrientes del Miño. Iniciada por Camiño, Añón, Pintos y Mosquera; continuada más tarde con feliz éxito por la autora de Cantares gallegos y D. Eduardo Pondal, y en la actualidad por jóvenes entusiastas, como el infatigable director de El Heralgo Gallego y el laureado vate de Nuestra Señora del Cristal, promete aún brillantes días para nuestra lengua, antes que el espíritu unificador de la moderna cultura, acabe, si es posible, de desorganizarla y de hundirla para siempre en el panteón de las lenguas que ya fueron.

Y, bien considerado, ¿Qué inconvenientes, que para perjuicios habrán de originarse de que cada provincia, sin dar al olvido el nacional idioma, cultive literariamente el dialecto que sirve de órgano para la expresión de las dulces y santas afecciones del hogar? Antes bien, puede esto, en mi humilde juicio, ser un poderoso aguijón que

estímule á los pueblos á trabajar briosamente para aumentar su prosperidad en los varios órdenes de la existencia.

Por muy eficaz protección que desde la regiones del Poder se llegue á dispensarnos (esperanza que por ahora es ilusoria), nunca será suficiente á hacer avanzar con firmeza estas rezagadas provincias por el carril del progreso, mientras ellas no aprendan á estimarse en lo que valen, enaltecidas á sus propios ojos por el sentimiento de su dignidad, y mientras un mismo espíritu de fraternidad no las una con fuertes lazos, alentándose y auxiliándose recíprocamente para el bien. Y ¿es por ventura indiferente para esto el cultivo y estimación del idioma provincial? ¿Puede calificarse de afán estéril y aún ridículo el patriótico empeño de ensalzar la lengua, prestándoles los encantos de la armonía métrica, y esforzándose a levantar el edificio de nuestra literatura? No falta quien así lo crea; no falta quien, con la risa en los labios, moteje de extravagante fruslería los ensayos hechos en un dialecto, que, á su entender, nada se perdería en que desapareciese absorbido por el sonoro idioma de Cervantes y Granada.

Y, sin embargo, el pueblo que no quiera avergonzarse de sí propio á la faz de los demás; el que desee hacer valer su honra y dignidad de raza ó de nación, es menester que empiece por estimar y glorificar su lenguaje. El idioma de una nación es, si así podemos decirlo, su alma, su carácter encarnado y exteriorizado en los sonidos: es el espejo donde más al vivo y con más fidelidad refleja su índole y tendencias, sus gustos y costumbres. Despreciar su idioma, es despreciarse a sí mismo; y el propio menosprecio, si sublime virtud en los individuos, no es en los pueblos sino torpe adyección que bien pronto les acarrea el desden genera la servidumbre.

Grande y previsor fue el trabajo que algunos conquistadores pusieron en hacer olvidar la alengua del país conquistado, remplazándola con la de los invasores. No se ocultaba á su penetración que nada contribuye tan eficazmente a mantener vivo el carácter nacional, á fortalecer el espíritu de independencia y á estrechar los vínculos de raza, como el amor que se profesa al propio idioma. Y este amor es tanto más fuerte, cuanto mayor es el brillo que el idioma reciba de numerosas e importantes obras literarias que lo avaloren y realcen á los ojos del pueblo, de suerte que pueda legítimamente enorgullecerse de hablarlo. Algún día caerá esa barrera de odio y prevenciones tradicionales, que, como muralla de bronce, separa todavía á españoles y portugueses. Pero aún entonces permanecerá en pie otro obstáculo para la fusión de la literatura

lusitana, que quedaría anulada, ó á lo ménos relegada á la inferior categoría de literatura provincial. Los *Lusiadas*, recordando continuamente á nuestros vecinos las envidiables glorias de sus mayores, les harán rehusar por mucho tiempo una fusión que anula su lengua y su literatura, al par que su nacionalidad.

No se colija de esto que para el territorio gallego quisiera yo idéntico porvenir, ni que sea mi sueño de oro su independendencia política. Léjos de mi ánimo toda idea de separación, toda idea que tienda a destroz ar esa hermosa unidad realizada á costa de ocho siglos de sangre y victorias. Mi aspiración se limita á que Galicia adquiera con el amor de su lengua el amor de sí propia, y el sentimiento y la convicción de su importancia, tan poderosos para estimularla a marchar activamente por el camino del progreso, y para hacerse valer y respetar así de sus hermanas las demás provincias, como de los gobernantes que tienen el estrecho deber de mirar con igual celo por la prosperidad de todas.

¡Que ilustre ejemplo tenemos en esa misma raza que ocupa el extremo de la Península opuesto al nuestro, y que me ha sugerido los primeros pensamientos de este al trazado prologo! Ella, á quien ningún otra iguala en su prodigiosa actividad científica é industrial; ella, que supo asombrar al mundo con casi inverosímilis empresas, perpetuando su nombre en el Oriente, es la que muestra más tenaz y acendrado cariño á la lengua de sus progenitores, haciendo gala de emplearla, no sólo en las expansiones de fugitiva conversacion, sino también en obras destinadas por la prensa á la inmortalidad.

No son, pues, estériles los esfuerzos de algunos literatos y poetas, que con noble y perseverante ardor trabajan en pulir y perfeccionar la lengua de sus hogares y en hacerla estimar de sus propios conciudadanos, inspirándoles por el amor de ella el aprecio de sí propios [...].

Anexo 2

Saco Arce, Juan Antonio (1876): “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, *El Heraldo Gallego*, 1, 3-5; 2, 9-10; 3, 17-18.

Bajo el peso del innoble y humillante desdén, con que los hijos de Galicia miran cuanto á su hermoso é infortunado país concierne; y á causa de la invasión sin cesar creciente del idioma castellano, único ya casa que se oye resonar en las conversaciones de los que en nuestras ciudades presumen de cultos, nuestro flexible y expresivo dialecto va poco á

poco desapareciendo del trato social. Medio desterrado de las poblaciones de mas importancia, afeado con la herterogénea mezcla de vocablos castellanos en las inmediatas á éstas, va estrechándose de dia en dia el circulo de las personas e, sin detrimento e su cultua, saboréanse aun en el melodioso language heredado de sus mayores; y éste será bien pronto relegado á los escondidos calles y poco frecuentadas montañas, donde no ha penetrado aun el refinamiento de la civilización moderna.

En cambio, y como para consolarnos de tamaño infortunio, mientras que la lengua decae y corre á su ruina, surge con admirable y expontáneo brio nuestra provincial literatura, como si ese instinto que nos lleva á amar con mas fuerza los bienes próximos á perderse, quisiera perpetuar por medio de los monumentos literarios ese bello lenguaje, que la viva voz es tal vez ya impotente para conservar en su primitiva pureza entre nuestros conciudadanos. Siéntese indudablemente cierto afán de despertar a Galicia del prolongado letargo en que yace. A la poesía se debe principalmente esta gloria. Nuestros literatos y poetas, a diferencia de los hombres políticos que con tan “esteril abundancia” brotan del suelo gallego, sintiéndose inflamados en la santa llama del amor patrio, ora consagran tiernos lamentos a la injusta postergación en que gime abandonando un país tan rico en prosperos elementos, ya celebran las olvidadas glorias de nuestros antepasados, la incomparable belleza de sus valles y colinas, y la pureza y sencillez que embelesa en las costumbres de sus moradores.

